



CONCELLO DE OLEIROS

# Vivir en Oleiros

## Seixo Branco

Alarma: Asoman os especuladores

# STOP SECRET!

O Ministerio de Defensa privatizou polo que lle costa un coche oficial (7.200.000 pesetas) un espazo público do maior interese ecolóxico, se ben despois foi obrigada a rectificar. Unha inmobiliaria merca 21.000 m<sup>2</sup> de landas e acantilados onde non se pode edificar ¿Para qué os quería? ¿Qué tipo de «capri-cho» escondía esa adquisición? ¿Poderíamos chegar a atoparnos con sinais de «prohibido o paso» cando quixéramos ir ve-lo mar ós máis furiosos acantilados do Ártabro? Oleiros non merecía ese «agasallo» da Xerencia de Infraestructuras de Defensa: ver privatizado un espazo que é propiedade de todos.

### Vivendas máis baratas para que ningún teña que «emigrar»

Hai moitos cidadáns de Oleiros que non poden merca-la súa vivenda no concello onde viviu sempre. O certo é que a vivenda aquí é máis cara, porque o mercado é libre, e a maior calidade, maior precio.

Publicamos en páxinas centrais unha análise sobre os porqués desta situación e as fórmulas postas en marcha polo Concello para corríxila. Anque pareza paradoxico, o aumento de prezo de Oleiros é unha consecuencia do éxito dun urbanismo ordenado, humano e optimista.

### As obras do ano que ven

Xa se aprobaron os presupostos do 98. Publicamo-las grandes cifras dos gastos e os ingresos. Qué obras se realizarán e quen as financia no seu conxunto.

• *Páxina 7*

### Casa da Música, Centro Náutico, e ampliación do José Martí completan Santa Cristina

Varias intervencións municipais simultáneas están en marcha seguindo o proceso de transformación da imaxe urbana de Santa Cristina, un dos lugares máis céntricos do Concello polas súas fáciles comunicacións. Alí conxtrúense o centro de Actividades Náuticas, a Casa da Música, e a ampliación do Parque José Martí, que xa chega á ría e conecta co Paseo Marítimo.

• *Páxina 9*

### ÍNÁS: NOVAS RÚAS PARA CONECTA-LO FUTURO TÚNEL

• *Páxina 6*

### RECICLAXE DE RESIDUOS E LIMPEZA PÚBLICA DEPENDEN DE TÍ

• *Páxina 5*

### A OPINIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS DO CONCELLO

• *Páxina 3*

Como saber  
*donde está todo*  
en **Oleiros**

**AXENDA**  
Páxina 2



**Servicios públicos**


● Concello de Oleiros	61 0000
Policia Local (24 horas)	61 0001
Guardia Civil de Oleiros	61 0067
Guardia Civil urxencias	062
Xulgado	61 0824
Urxencias médicas (24horas)	061
Centro de Urxencias Sta. Cruz	61 4901
Centro Saúde Perillo (cita previa)	63 8731
Centro Saúde S. Cruz (cita previa)	62 6768
Empresa de augas	61 0602
Mercado municipal	63 8158
Recadación municipal	63 5603
Ofic. Consumidor (Omic)	610000 ext.211
C. Formación Isaac Díaz Pardo	63 1706
C. Recuperación fauna salvaxe	62 6241
Casa da Xuventude	63 6598
C. cultural As Torres de Sta. Cruz	63 0618
Casa da Cultura de Mera	61 7662
Casa da Cultura de Iñás	63 1240
Casa da Cultura de Dexo-Lorbé	61 8201
Casa da Cultura de Montrove	63 5160
Casa da Cultura de Perillo	63 6555
Casa da Cultura de Dorneda	61 4582
Casa Charry	63 1444

**TAXI: Tlf. 65 11 11**

**Autobuses de liña**

**AUTOSCAL PITA**  
 Bus a **Nós**. De 6,30 a 21h, cada 15min., e de 21,30 a 22,30 cada 30min. / Sáb. de 7,30 a 22,30 cada 30min. / Dom. e fest. de 8,30 a 22,30 cada 30min.  
*Regresa De 7 a 21 cada 15m. e de 21,30 a 22,30 cada 30 min. / Sáb. de 8 a 22,30 cada 30 min. / Dom. e fest. de 9 a 22,30 cada 30 min.*  
 Bus a **Sta Cruz-Sada**. De 6,25 a 21,25 cada h. / Sáb., dom. e fest. de 8,25 a 20,25 cada h., e ás 22h.  
*Regresa De 6,25 a 21,25 cada h. / Sáb. de 7,25 a 21,25 cada h., e ás 22 / Dom. e fest. de 8,25 a 21,25*  
 Bus a **Sta. Cruz-Arillo-Rialta**. De 6,40 a 21,40 cada h. / Sáb. de 9,40 a 12,40 e 16,40 a 19,40 cada h.  
*Regresa De 7,10 a 22,10 cada h. / Sáb., dom. e fest. de 10,10 a 13,10 e 17,10 a 20,10 cada h.*  
 Bus a **O Carballo-Oleiros-Sada**. De 6,55 a 21,55 cada h. / Sáb. de 6,55 a 20,55 cada 2hs / Dom. e fes. de 8,55 a 20,55 cada 2hs.  
*Regresa De 6,55 a 21,55 cada h. / Sáb. de 7,55 a 21,55 cada 2 hs / Dom. e fest. de 9,55 a 21,55 cada 2 hs.*  
 Bus a **Montrove-OsRegos-Oleiros**. De 6,05 a 21,05 cada h. / Sáb. de 8,05 a 20,05 cada h. / Dom. e fest. de 10,05 a 20,05 cada h.  
*Regresa 6,35 a 21,35 cada h. / Sáb. de 8,35 a 20,35 cada h. / Dom. e fest. de 10,35 a 20,35 cada h.*  
 Bus a **Dorneda-Pousada**. 7,10-8,20-14,10-19,05 / Sáb. ás 7-10-21-10 / Dom. e fest. ás 9-13  
*Regresa ás 7,40-8,50-15-19,50 / Sáb. ás 7,35-10,35-21-45 / Dom. e fest. 9,35-13,35*  
 Bus a **Perillo-Montrove-Oleiros-Soñeiro**. As 7,05 / Sáb. ás 8,05 e 14,05 / Dom. e fest. ás 10,05 e 14,05  
*Regresa As 7,30 / Sáb. ás 8,30 e 14,30 / Dom. e fest. ás 10,30 e 14,30*  
 Bus a **Perillo-Sta.Cruz-Franzomel-Dorneda-Pousada-Oleiros-Soñeiro** De luns a venres ás 14,10 e ás 19,05  
*Regresa De luns a venres ás 14,55 e 19,45*  
 Especial verán **Sta.Cristina** Tódolos días de 10,20 a 20,20 cada h • *Regresa de 10,50 a 20,50*  
 Especial verán **Sta.Cruz** Tódolos días de 10,05 a 21,05 cada h. • *Regresa de 10,35 a 21,35*  
**AUTOS ELISEO PITA**  
 Liña A Coruña-Sta.Cruz-Mera-Lorbé-Sada Horarios: 7,30(non sáb.)-8,30-9,45(non sáb.)-10,45-11,45-13,45-17,15-20,15-22,30  
*Regresa 6,30(non sáb.)-7,30-8,45(non sáb.)-9,45-10,45-12,45-16,15-21,15-21,30*  
**IDEAL AUTO**  
 Esta empresa fai a rota da N-VI, con máis de 40 paradas na liña A Coruña-Betanzos, con saídas de A Coruña cada media hora. Outros moitos autobuses desta compañía tamén paran en Perillo, Nós e O Carballo.

**¿Cántos somos?**



**PARROQUIAS**

Dexo	1.222
Dorneda	2.889
Iñás	757
Liáns	5.475
Maianca+Serantes	2.009
Nós	3.287
Perillo	5.574
Oleiros	2.312
<b>En total</b>	<b>23.525</b>

**A Terra**

**A LÚA DESDE AQUÍ**

Nova	14 Decembro
Medra	21 Decembro
Chea	30 Novembro / 29 Decembro
Mingua	7 Decembro

**AS MAREAS** (Horas de domingos)

DECEMBRO		
	Pleamares	Baixamares
Día 7	8,29h / 21,23h	2,04h / 14,48h
Día 14	2,56h / 15,18h	9,04h / 21,16h
Día 21	7,48h / 20,23h	1,16h / 13,59h
Día 28	1,57h / 14,21h	8,02h / 20,20h

Mareas vivas: 31 Decembro  
 Mareas mortas: 22 Decembro

**Farmacias de guardia**

*O servizo de urxencia está organizado entre as farmacias dos concellos de Oleiros, Cambre e Culleredo. Cada semana, corresponde o servizo nocturno ás seguintes oficinas:*

**TURNO 1** Están de Guardia as semanas do 21 marzo, 25 abril, 30 maio, 5 xullo, 15 agosto, 19 setembro, 24 outubro e 28 novembro. *A este turno pertencen:*  
**Oleiros** [Francisco Llorens, 1] • **O Temple**. [Costa da Tapia, 1 (entre O Seixal e a entrada á Autopista)]

**TURNO 2** Están de Guardia as semanas do 28 marzo, 2 maio, 6 xuño, 11 xullo, 22 agosto, 26 setembro, 31 outubro e 5 decembro. *A este turno pertencen:*  
**Mera-Serantes-Lorbé • O Portazgo-Vilaboa • Cecebre**

**TURNO 3** Están de Guardia as semanas do 9 maio, 13 xuño, 18 xullo, 29 agosto, 3 outubro, 7 novembro e 12 decembro. *A este turno pertencen:*  
**Perillo** [Avda. Rosalía Castro] • **Cambre**

**TURNO 4** Están de Guardia as semanas do 16 maio, 20 xuño, 25 xullo, 5 agosto, 10 setembro, 14 novembro e 19 decembro. *A este turno pertencen:*  
**Nós • Rutis** [Av. Vilaboa]

**TURNO 5** Están de Guardia as semanas do 23 maio, 27 xuño, 1 agosto, 12 setembro, 17 outubro, 21 novembro e 26 decembro. *A este turno pertencen:*  
**Santa Cruz** [Avda. Concepción Arenal] • **O Burgo**  
**Serv. permanente: Sigrás-Cambre e Tarrío-Culleredo**

**axenda**

**RADIOLEIROS**  
**105.5 FM**  
**Programación semanal**

*De luns a venres, en hora fixa:*

**11: Radio Eccla. Formación de Adultos / 12: As mañás musicais / 13,30: Informativo local**

*Programas semanais:*

**LUNS / 12,30:** Informativo xeral / **13:** A casa da música / **14:** Os Meteoros (infantil) / **15:** Dispara e corre (musical) / **15,30:** A nosa música  
**MARTES / 12,30:** Informativo xeral / **13:** Fito Ramudo (entrevista) / **14:** Laranxa é a cor... (jazz) / **15:** Motor / **16:** Lilió, non márkese as horas (dramático)

**MÉRCORES / 12,30:** Informativo xeral / **13:** A Guagua (salsa) / **14:** Metralla (rock) / **15:** Tócaa outra vez (cine)

**XOVES / 12,30:** Redencións Auriculares (magazine) / **14:** Entrevista municipal / **14,30:** Cousas de casa (cocina) / **14,45:** Turismo / **15,30:** Ocio

**VENRES / 12,30:** Informativo xeral / **13:** Os discos de mamá (música nostálgica) / **14:** Cristal policromado (sucenos) / **14,30:** O Porcoiteiro (rock)

**SABADO / 12,30:** FTM (música industrial) / **13,30:** Seguimento deportivo / **14,30:** A hora da verba (Poesía)

*Cada día, repítese a programación desde as 16 ás 20 horas*

**Teléfono de participación do ouvinte: 631078**

**Rexistro Civil**

**NACERON**

Silvia, filla de Generoso Lomba Baz e María Cristina Miranda Dutiez; Sandra, filla de José Manuel López Ríos e Purificación Alvarez Toneiro; Pablo, fillo de Arturo López Lago e Gloria Picos Sedes; Alvaro, fillo de Francisco J. López Sanchez e Ana María Suárez Arias; Ana, filla de José Frutos Mañás Lema e María Victoria Hernández S.; Javier, fillo de Francisco J. Mosquera Segade e María A. Rúa Quintela; Alejandro, fillo de José M. Rodríguez Sierra e María Elena Bravo Mourente; Iván, fillo de Manuel Sanchez García e Pilar García García; María, filla de Abelardo Santos Barallobre e Josefa Prego Díaz; Ignacio, fillo de Raúl Simón Moñino e María Engracia García Galvez; Guillermo, fillo de German G. Suárez Pumariaga e María Jesús Blanco Alonso; Sara, José Ant. Sueiro Nuñez e María Luisa Carrero Martínez; María Belén, filla de Santiago Herrero Sandro e María Belén Padín Víaño; Raquel, filla de Ramón J. Iglesias González e María Elena Corras Arias; Petr, fillo de Petr Kouba e Haba Koubova; Gema del Carmen, filla de José Manuel Tación Rama e Ana Noelia Sanchez Blanco; Gonzalo, fillo de José M. Valdes Hansen e Pilar F. Vazquez Espiña; Paula, filla de Enrique J. Valiño Rivera e M. Carmen Rivera; Borja, fillo de José M. Villares García e Natalia Parada Sanchez; Natalia, filla de Francisco J. Froiz García e Marta Miguez Prieto; Antón, fillo de Antonio Gutierrez Amoros e Beatriz Barro García; Sara, filla de Juan José Mermo Mariño e Rosa M. Alonso López; Adrian, fillo de Antonio Carro Fernández e Mercedes Lodeiro Paz; Pablo, fillo de Antonio DelAmo Guerra e Ermitas Basteredeia Noya; Diego, fillo de Antonio Durán Rguez. e Nuria Barrie Bonnin; Giulía, filla de Carlos Antelo Martínez e Teresa Gravelo De María; Jesús, fillo de Jesús Foo. Babio Bescansa e M. Carmen Silva Vieites; Joaquín, fillo de Fabián M. Bo Nescier e Beatriz Nieves Díaz.

**FINARON**

Eudosio Enriquez Vizecaya, de 96 anos; Filomena Vales Bello, de 86 anos; Mercedes Pino Neira, de 87 anos; M. Pilar Gomez Pedreira, de 82 anos; Andrés Balsa García, de 88 anos; Alfonso De Sas Taboada, de 92 anos; Dolores Rumbo Doldan, de 76 anos; Manuel Fernández Ponte, de 76 anos; María Pazos Caamaño, de 87 anos; Elena Calvo Dominguez, de 79 anos; Aurora Pescador Rosón, de 85 anos; José Morán Esteban, de 79 anos; Susana Vila Rial, de 12 anos; José Méndez Calviño, de 78 anos; M. Teresa Martinez Anglada, de 89 anos; Clarisa García Velo, de 57 anos; Esperanza Mosquera París, de 80 anos.

**XUNTÁRONSE**

Luis Grandal con M. Jose Bergondo; Alberto Manuel Paderne con Carlota Longueira; Alberto Lastres con M. Isabel Rodriguez; Antonio Lagares con M. Mercedes Panpin; Jose Antonio Freire con M. del Mar Pedreira; Guillermo Martinez con M. del Mar Vigaray; Jose Manuel Ardions con Ana Isabel Perez; Guillermo Abuin con Ana Belen Sanchez; Jose Luis Taboada con M. Concepción Diaz; Francisco Perez con Cristina M. Gonzalez; Jose Antonio Taibo con Ana Isabel Becerra; Alvaro Javier Rama con Nieves Pardo; Julio Carro con M. Luisa Rivera; Jose Luis Fernandez con M. Montserrat Muñoz; Miguel Angel Lopez con M. Consolación Rey; José Antonio Bocija con Carolina Novo; Jose Sanchez con M. Carmen Lopez; Francisco Jose Fernandez con M. Fernanda Perez; Luis Abel Muñoz con Monica Boquete; Pablo Saavedra con Elena Ordoñez; Fernando Abella con Sonia Machin; Fancisco Javier Couto con paula Herrero; Manuel Benito Pasandin con M. Victoria Brañas; Severino Anton Doñas con Aida Barral.

**Casa Charry. Sala de Exposicións**

**DECEMBRO**

**Primeira quincena.** Celia Gullón. Óleos e debuxos de tendencia figurativa. Ate o día 15.

**Segunda quincena.** Manuel Sarandés. Óleos e Acrílicos de tendencias semiabstractas. Inaugura o día 16.

**Museo dos Oleiros José María Kaydeda**  
 Interesante colección de cerámica popular española, ubicada no Centro Cultural «As Torres» de Santa Cruz. Tlf. 626692. Horario

**Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais**

**Perillo.** (Bibl. Central). Casa da Cultura, pisos 2º e 3º. Tlf. 638409 / **Horarios:** Mañás de luns a sábados de 11 a 13h. / Tardes de luns a venres de 15,30 a 20h. / Veráns de luns a venres de 10 a 15h.

**Santa Cruz.** (Biblioteca e Centro de Documentación da Muller «Rosalía de Castro») C.Cultural As Torres. Rúa Pardo Bazán. Tlf. 626338 / **Horarios:** Mañás de martes a venres de 10 a 13,30h. / 1º e 2º sábados de mes: de 11 a 13h. / Tardes de luns a venres de 15,30 a 20h. / Veráns (15 de xuño a 15 de setembro) de luns a venres de 8 a 15h.

**Oleiros.** R. Camilo Díaz Valiño, s/n. / Tlf. 61 0700 / **Horarios:** Mañás martes e xoves de 10 a 12,30h. / 2º e 4º sábados de mes de 11 a 13h. / Tardes de luns a venres de 16 a 20h. / Veráns de luns a venres de 10 a 14h.

**Mera.** (Bibl. «Mº José Trincado») A Lagoa. Urb. Pia de Maianca. R. Curros Enríquez, 44. / Tlf. 61 7662 / **Horarios:** De luns a venres de 16 a 20h (Veráns incluído)

**Iñás.** Casa do Pobo. / Tlf. 63 1240 / **Horarios:** De luns a venres de 16 a 20h (Veráns incluído)

**Dorneda.** Casa do Pobo. Arillo. / **Horarios:** De luns a venres de 16 a 20h (Veráns incluído)

**Nós.** Casa do Pobo / **Horarios:** De luns a venres de 16 a 20h. (Veráns incluído)

**Calendario do Contribuinte**

**1998**

**Do 1 de marzo ó 30 de abril:** Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, Entrada de Vehículos e reserva de espazos (Vados), Taxa de recollida de Lixo, Ocupación de solo público por mesas e cadeiras (Terrazas) e Taxa de conservación de Cemiterios municipais.

**Do 24 de agosto ó 30 de outubro:** Imposto de Actividades Económicas (IAE), Imposto sobre Bens Inmобles Urbanos (IBI-U) e Imposto sobre Bens Inmобles Rústicos (IBI-R).

Os pagamentos pódense realizar en calquer axencia de Caixa Galicia, Banesto, Banco Santander, BBV e La Caixa.

**Servicios Domésticos**

**— Veterinarios**  
 Santa Cruz 626310  
 Gayacan 660335 / Vilanova  
 Salud Animal 631651 / Dos Regos

**— Mag. de construción**  
 J. Barreiro 635474 / Oleiros

**— Reparación coches e bicis**  
 J. Galán 610710 / Oleiros

**— Fontanerías**  
 A. Taibo 614529 / Sta. Cruz  
 A. Guillín 631567 / Oleiros  
 J. Arca 617591 / Maianca  
 J. A. Barros 626689 / Dorneda  
 J. Costa 635735 / Sta. Cristina  
 A. Dominguez 661108 / Nós  
 S. Fernández 638214 / Perillo  
 Fonelec 662744-908587710 / Nós  
 C. Suarez 638400 / Perillo  
 J. García 610339 / Oleiros  
 S. García 611039 / O Carballo

**— Instalacións eléctricas**  
 E.F. Orro 908584277 / Mera  
 R. Pol 635325 / Perillo  
 J.L. Rodriguez 626270 / Dorneda

**— Albanelería**  
 J.M. Alvarez 617788 / Serantes  
 A. Arevalo 617243 / Dexo  
 J. Bao 635617 / Perillo  
 A. Barreiro 617887 / Maianca  
 F. Beltran 628373 / Lorbé  
 J.M. Blas 635811 / Perillo  
 J. Cagiao 626038 / Sta. Cruz  
 J. Cal 662449 / Oleiros  
 M.C. Carballo 631578 / Nos

**— Fontanerías**  
 F.J. Grueiro 636092 / Sta. Cruz  
 M.C. López 637010 / Sta. Cruz  
 A. Martínez 611317 / Oleiros  
 R. Mesias 667205 / Nós  
 J. Novo 908084450 / Oleiros  
 J. Pardo 631127 / Dorneda  
 R. Pol 635325 / Perillo

**— Fontanerías**  
 A. Vian 637254-908584691 / Perillo

**— Fontanerías**  
 Gomaño 666387 / Oleiros  
 O. Bravo 908586979 / Sta. Cruz  
 J.M. Fernández 614990 / Arillo  
 F. Fernández 636078 / Perillo  
 E. Fernández 636572 / Perillo  
 J. Fernández 614919 / Dorneda  
 J. Fernández 617720 / Dorneda  
 L. Gacio 636587 / Perillo  
 A. García 618190 / Serantes  
 V. García 661448 / Nós  
 M. Illanes 614356 / Dorneda  
 D. Lamas 631356 / Oleiros

**— Fontanerías**  
 A. Lastres 908586296 / Dorneda  
 A. López 617411 / Mera  
 J.D. López 626082 / Santa Cruz  
 F. Mañana 615298 / Arillo  
 J.L. Martínez 636034 / Perillo  
 A. Mato 667682 / Nós  
 J. Mirón 618119 / Mera  
 V. Naya 617096 / Mera  
 M. Novo 610830 / O Carballo  
 A. Otero 631344 / Oleiros  
 J. Pampin 635920 / Perillo  
 J.L. Prego 626147 / Dorneda

**— Fontanerías**  
 J.A. Prieto 610181 / Oleiros  
 F. Recarey 617503 / Oleiros  
 J.M. Rodriguez 610746 / O Carballo  
 J.R. Sánchez 664599 / Nós  
 F. Sánchez 610779 / Iñás  
 L. Siso 617461 / Mera  
 M. Siso 617467 / Mera  
 R. Suarez 615239 / Dorneda  
 A. Sueiro 614849 / Dorneda  
 A. Uzal 908581521 / Rialta  
 M. Vallo 610812 / Oleiros  
 F. Vazquez 614927 / Santa Cruz

**— Fontanerías**  
 M. Vidal 631015 / O Valiño  
 M. Vieito 610060 / Oleiros

**— ATS-Fisioterapeutas**  
 M. Miranda 638633 / Perillo  
 J.L. Sanchez 638234 / Perillo

**— Notarios**  
 R. Benzo 611506 / Oleiros

Por favor, se detecta algún erro ou a carencia dalgunha información, comuniquenolo para poder subsanalo.

## ¿Qué votamos?

Esther Pita Pita  
Alcaldesa de Oleiros

## Axúdanos a que Oleiros siga ben

Ángel García Seoane / Presidente da Alternativa dos Veciños

Nos anos 70, Oleiros viviu unha época de destrución medioambiental do seu entorno natural e paisaxístico. Os terreos situados nas inmediacións das praias de Mera, Naval, Santa Cruz, Bastiagueiro e Santa Cristina foron obxecto dun intenso proceso especulador que fixo proliferar aberrantes construcións de excesivo volumen e carentes dos máis elementais servizos e dotacións de uso social para as comunidades. As praias e corredoiras (xa que non existían rúas pavimentadas) estaban invadidas de augas fecais, non existía alumeadado público, carecíamos de traída de augas e rede de alcantariado; non tiñamos parques, nin prazas, nin paseos, e os poucos terreos baldíos que existían estaban paralizados polo especulador de turno. Para reunirmos os veciños, tiñamos que facelo na tasca, xa que non existían Casas do Pobo ou Centros Sociais, e os nosos fillos estaban

obrigados a acudir á escola privada, pois o único colexio que existía, con capacidade para 360 alumnos, albergaba a máis de 1.100 nenos, utilizando como aulas os seus pasillos e outras dependencias, ademais de sofrir a carencia de consultorios médicos... Todo elo levounos a unha humillante situación na que nos vimos inmersos a maior parte dos veciños de Oleiros. A pasividade e connivencia dos gobernantes municipais e provinciais da época, fixo que os veciños das distintas parroquias nos organizáramos para acabar coa degradación e especulación. Así foi como naceu un dos movementos asociativos veciñais máis sólidos de Galicia, que con motivo das primeiras eleccións municipais democráticas do 79, decidimos presentar como "Candidatura dos Veciños" agrupando e dando cabida na mesma a todas aquelas persoas que desexasen colaborar para conseguir un municipio agradable con servizos e equipamentos,

no que a convivencia cidadá sexa unha premissa, onde os avós poidan disfrutar de instalacións para o seu ocio e recreo, aulas da 3ª idade, parques e paseos, onde os nenos e xóvenes gocen de instalacións sociais e educativas; casas do pobo, bibliotecas, escolas, instalacións deportivas, etc. Un municipio onde a ordenación urbanística e a protección do medio ambiente sexa máis importante que calquer outro interese especulador. Un municipio humano, solidario no que o marxén da situación económica ou estatus social de cada cidadá, poidamos todos disfrutalo. ¡Un concello para vivir! Por todo elo, dende a Alternativa dos Veciños, queremos invitarte a que participes con nós, ó marxe de calquer partido político, para conserva-la fermosura do noso municipio e a seguir construíndo este Oleiros que tódalas xentes de ben desexamos, e do que cada día estamos máis orgullosos. Contamos contigo.

Vimos de asistir a un rebúmbio electoral. Eleximos os Diputados ó Parlamento de Galicia, a máxima expresión da nosa identidade colectiva como galegos, cousa moi interesante para seguir sendo donos do futuro do noso país. É a grandeza da democracia.

No medio de toda a batalla que se nos veu enriba, estíbese falando dos problemas reais que a nosa sociedade ten prantexados e que procuramos resolver. Pero a veces máis parecía unha batalla irracional e bestiaría que un diálogo relaxado e tranquilo sobre a dónde queremos ir, sobre qué queremos facer con noso mañá.

De algunha maneira, ó Concello salpicoulle esa disputa que en case nada afectaba á política municipal. Vaia por diante que cada cidadán ten dereito a dicir o que queira, co debido respecto á liberdade dos demais. Pero temos que demostralos nosos enoxo polo feito de que algúns utilizaron a política municipal como arma arrojadiza para batir ó contrario, causando un perxuício ó Concello e, sobre todo, despistando ós veciños sobre as cousas que votaban o 17 de outubro.

Pode que alguén non saiba que a forza maioritaria en Oleiros nada ten que ver con nengunha das tres tendencias que se presentaban ás eleccións, anque algúns intentaron confundir ós veciños facendo ver forzas ocultas na Alternativa dos Veciños, o principal grupo político representado no Concello. Creemos que para Oleiros o importante non é que sexas de esquerdas ou de dereitas, non é que sexas máis ou menos nacionalista ou galeguista. O importante, para nós, é xuntar ós veciños nun proxecto común que siga posibilitando que o noso Concello siga a ser vangarda en casi todo en Galicia.

Un concello para vivir que continúe sendo exemplo de cómo un pobo medra de maneira intelixente e razoable, e de cómo é capaz situar ós veciños no centro de toda a xestión municipal. Veciños que non pensan todos dunha maneira, nen de dúas nen de tres. Cada un pensa como quere. E para eso, poucas guerras dialécticas se precisan.



## ¡Gracias, Oleiros!

Jesús María Fernández Rosende / Concejaleiro do Partido Popular y Diputado del Parlamento de Galicia

**Gracias Oleiros por haber confiado 4 anos máis al PP y, especialmente a su Presidente y Candidato D. Manuel Fraga, el futuro de Galicia..**

Gracias Perillo, Sta. Cruz, Mera, Nós, Montrove, O Carballo, Inías, Dorneda, Dexo, Lorbé y Oleiros por haber votado masivamente al PP y darnos por primera vez la aplastante victoria en todas y cada una de las mesas del Municipio. Gracias vecinos de este nuestro término municipal, por haber sumado 1.328 votos más a los obtenidos en las Autonómicas del 93, que ya sumaban 4.220, colocándonos

con 5.548 como la primera fuerza política de Oleiros, a gran distancia de la siguiente y 1.116 votos más que en las Municipales del 95 frente al conjunto de la izquierda (BNG, IU, Los Verdes, PSOE y Esquerda Galega), que bajan 714 votos con respecto a las Municipales del 95. Gracias, queridos amigos, por seguir consolidando al PP de Oleiros en su imparable trayectoria hacia la Alcaldía que, como sabes, tras las últimas elecciones municipales, obtuvo un magnífico respaldo, consiguiendo 9 concejales, al igual que la que parecía incólume Alternativa de los

Vecinos. Gracias también como candidato, hoy nuevamente Diputado. Que estos magníficos resultados nos sirvan a todos, mujeres y hombres del PP de Oleiros para renovar nuestro compromiso de servicio frente a nuestros vecinos sin excepción alguna, aunando esfuerzos en el próximo gran objetivo marcado: la alcaldía de Oleiros. Seguiremos todos trabajando para hacernos merecedores de la confianza que han depositado en nosotros. Un fuerte abrazo.



## Unha contribución necesaria do PSdeG-PSOE co benestar de Oleiros

Francisco Cerviño / Luis Vázquez / Concelleiros do PSdeG-PSOE

Para nós, socialistas de Oleiros, que estamos na política coa ilusión de contribuir á construción dunha sociedade na que tódalas persoas poidan ser máis felices, resulta imprescindible conxugar dous aspectos: o material e o espiritual. No aspecto material debemos mellorar o noso entorno defendendo o seu medio ambiente e dotándoo á vez de mellores infraestruturas e servizos: estradas, espazos deportivos, culturais e sociais, prazas, colexios, farmacias, centros de saúde, transporte público..., pero por outro lado, nunca esqueceremos que o trato educado, o respecto, a convivencia e a tolerancia son marco indispensable para gozar dese benestar material; a historia móstranos como sociedades que esqueceron ese segundo aspecto, en moitos casos, pasaron da opulencia á máis absoluta miseria. Co apoio do PSdeG-PSOE e A.VV. e co voto en contra do PP, o pasado 14 de novembro o Pleno do Concello aprobou os Presupostos para 1998. Parece convinte resaltar algúns dos proxectos máis relevantes para 1988, e a

tal menester imos dedicar as próximas liñas. No campo educativo: Escola/Conservatorio de música de Oleiros, terreos para un novo Instituto en Oleiros, financiamento dos Comedores Escolares nos Centros Públicos, proxectos de novas escolas infantís, mellora de instalacións educativas, biblioteca de Lorbé, novo Centro Xuvenil... No campo deportivo: gradas e vestiarios no Campo de Fútbol de Montrove, Pista polideportiva en Dexo e O Carballo, Polideportivo xunto ó Instituto de Bastiagueiro. Equipamentos Social: Cemiterio de Dorneda, terreos para a ampliación do Cemiterio de Dexo, urbanización do entorno da Casa do Pobo de Mera, Centro Social A Pía, novos terreos e equipamentos na Casa do Pobo de Inías. Infraestruturas e dotación de espazos públicos: ampliación da Praza da Rabadeira, apertura da Rúa Habitat, Parque Ibarrola en Montrove, depósito de auga en Montrove, eliminación da Depuradora de Mera e substitución por bombeo a Bens, aparcamentos en Santa Cristina e Os Regos...

Estes son algúns dos proxectos para 1998, que xunto coa mellora dos servizos que actualmente se prestan, coas novas traídas de auga e de saneamento, alumeados e asfaltados e mellora de camiños, parques, mobiliario... xustifican o apoio dos socialistas para que «Oleiros vaia ben». Pero so socialistas imonos esforzar tamén en esixir á Xunta e ó Goberno do Estado que poñan a súa parte: Vía rápida Cambre-Oleiros-Sada, paseo marítimo de Merca, parque e recuperación ambiental de Bastiagueiro, equipamentos deportivos nos terreos da Xunta ó lado do Estadio de Bastiagueiro, estrada ó Porto de Lorbé, aceras e paso subterráneo na N-VI en Inías, Glorieta en Nós (Club de Tennis), mellora do transporte público, aceras nos tramos urbanos... Por un Oleiros mellor, por estes e outros proxectos, e pola atención ós veciños desde o respecto e a eficacia, defendemos que no Concello, na Deputación, na Xunta, en Madrid e no mundo non deben ter cabida a discriminación nen o sectarismo. Saúde e Bon Nadal.



Oleiros pasou uns días asombrado e perplexo polo anuncio da venda polo Ministerio de Defensa do territorio de Seixo Branco a unha inmobiliaria madrileña.

Unha venta extrana, por canto o terreo apaorece no Plan Xeral como paraxe natural onde non se pode construír.

No medio da polémica, unha intervención do Ministerio de Medio Ambiente, conminou a Defensa a retráctase da venda á inmobiliaria por 7,2 millóns. Iniciouse xa o proceso de recuperación dunha finca, que pasou uns meses tendo dono.

Donos que, logo de ver o rebumbio que aquí se montou, chamaron en numerosas ocasións ó Concello para «falar das posibles solucións». Pero o Goberno Municipal negouse rotundamente a falar de nada que tivera relación con esa finca na que resulta imposible poñer nen un ladrillo.

Ante a insistencia dos executivos da empresa, recibiron no Concello unha serie de explicacións sobre a política urbanística de alta calidade que aquí se leva a cabo, o que incluso lles fixo tomar interese por estudar a promoción dalgunha iniciativa inmobiliaria civilizada.

Seixo Branco é unha paraxe natural de alto valor ecolóxico e paisaxístico, situada en Dexo, no medio dunha paisaxe agreste de landas e acantilados ó norte do concello. Son numerosísimas as persoas que adoitan acudir alí a camiñar, observa-la nature-



## Defensa, obrigada a recuar

### Medio Ambiente, ante a presión de todo Oleiros, conmina a Defensa a declarar «nula» a venda de Seixo Branco

za ou realizar pequenas excursións por todo o territorio comprendido entre Mera e Lorbé.

No seu día, os comerciais do Ministerio de Defensa que tentaban vende-la parcela, utilizaban argumentos como «un lugar excelente para a construción dun camping, un chiringuito ou mesmo o capricho de montar unha tenda de campaña». O entón alcalde de Oleiros, Angel García Seoane, anunciara públi-

camente que nengunha das tres cousas se podía facer alí, pois o lugar estaba xa naquel momento afectado pola Lei de Costas e o PXOU.

Como lembraba nunha nota a Asociación de Veciños «San Antón», de Dexo, o PP de Oleiros falaba no seu programa electoral na que se falaba de construír un «área de esparcemento», con pistas deportivas, parking e merendeiro público.

### É rocha dura

Comprobase que o Concello estaba no bo camiño ó denuncia-la venda de Seixo Branco. Pero mentres non se coñeceu a intervención de Medio Ambiente, o PP dicía que o Concello debiera merca-la parcela.

Pero, ¿porqué había que mercar precisamente esa finca, e non as fincas que teñen a mesma calificación urbanística, pero que son propiedade de moitos veciños de Dexo e Mera, e que tamén forman parte do senlleiro paraxe natural?

Anque a finca seguira a ser privada, os especuladores saben que aquí, nunca mellor dito, seguirán a topar en rocha dura.

### Dalgunhas fontes abrolla auga que é preciso ferver

A maioría, en condicións

Das fontes de Álvaro, Nosa Señora e Miraflores (Oleiros), Telleiro e Espiño (Santa Cruz), Barreiro (Perillo), Portelo (Lorbé), Breixo e Xaz (Dorneda), Os Cabaleiros (Nós), Canabal e Espiñeiro (Mera) abrolla un auga completamente útil para beber sen ferver, pero hai outras que é preciso ferver previamente, porque algunhas veces non cumpren coas normas sanitarias, segundo as análises que se levan a cabo habitualmente; a última delas corresponde ó mes de outubro.

As fontes que levan auga que é preciso ferver son as de Telleiro (Sta. Cruz), as de Pousada e Rabuñeiro (Oleiros), Moullón (Lorbé) e Coroto (Nós). Sanidade municipal informa que estas fontes non presentan problemas graves, senón pequenas deficiencias que se resolven cun simple fervor.

## Cans limpos e amables

Os anos debemos levalos atados e recolle-las cacas de rúas e xardíns — Obríganno-la normativa, a educación e o decoro

A case todos nos resultan agradables os cans. Moitos teñen un destes «mellores amigos do home» na casa e apórtalles compañía ou protección. Pero cada vez é maior o número de denuncias e chamadas que se producen por non manexalos de maneira civilizada.

— Se caga, que o amo recolla

É frecuente ver a algúns cidadáns paseando o seu animal por un xardín, e permiten, como se fose o máis natural do mundo, que defeque no césped ou na acera, deixando alí o resultado desa necesidade biolóxica natural.

Deben saber, en principio, que eso está prohibido, en beneficio do decoro e a limpeza de rúas e parques. Ante elo, o amo debe levar unha bolsa de plástico e desfacerse do «asunto» nun lugar adecuado.


— A veces, o can molesta

Outro inconvinte é levar os cans ceibos. Na Policía Local xa se teñen recibido denuncias por problemas de orden público creados por cans que os seus amos levaban sen control. Anque o animal esté ben educado, nunca podemos prever totalmente a súa actitude, e eso pode molestar a outros veciños, polo que as ordenanzas obrigan a que o can vaia atado. Xa sabemos que hai graves sancións se existe unha denuncia.

Moitos pensan que respecta-lo medio ambiente é só cousa de ter grandes parques naturais, ollar os documentais da «2» ou ver medrar as flores sen cortalas. Pero non: tamén hai que cuidar de que os nosos amigos os cans non ensucien na rúa nen molesten ós veciños.

## O río de Santa Cruz baixa totalmente limpo

A Xunta confirma-o cada 15 días coa análise das augas da praia á altura do Parque Luis Seoane



A mellor forma de saber se un río corre contaminado é fixarse nos datos químicos da auga, e non tanto que o aspecto visual que ofrece.

Últimamente, algunhas persoas van por ahí dicindo que o río de Santa Cruz baixa contaminado, e nada máis lonxe da realidade: os resultados que ofrece a Consellería de Sanidade do análise das augas da praia no lugar máis próximo ó río, así o confirman. Durante todo o verán non houbo rastro de contaminación, polo que todos podemos estar tranquilos.

¿Porqué baixa o río co aspecto turbo? Segundo os expertos, as augas turbas dun río non teñen porque obedecer á súa contaminación, senón, sobre todo, ós fondos lamacentos do seu leito, como ocorre no lugar das Brañas. Elo unido á actividade propia dos parrulos, temos un río limpo, pero de aspecto turbo.



### .....Ú.L.T.I.M.A...H.O.R.A.....

#### Detectada contaminación no río de Santa Cruz


Segundo parece, a causa foi debida á presenza de dous edís do Partido Popular no entorno da Lagoa dos Patos. Estes últimos, asustados por tales visitas, sentiron unha forte indisposición, diagnosticándose fortes defecacións patóxicas. Para coñecemento dos usuarios do Parque, segundo informes de Sanidade, a contaminación desapareceu, mais non se está libre de que o feito volva a suceder. **Agradeceríase que se evitasen visitas tan desagradables para a fauna do Parque.**

O tratamento dos residuos sólidos urbanos (RSU) é hoxe unha das maiores preocupacións dos homes e as mulleres. O obxectivo está moi claro: empregar en cousas beneficiosas todo o que nos sobra, e non producir danos á natureza. O plan que ten previsto o Concello de Oleiros, en colaboración co resto dos concellos da Mancomunidade agás o da Coruña, prevé reciclar boa parte do lixo antes do ano 2000.

## Se ti queres, reciclaremos antes do 2000

O Concello de Oleiros sempre realizou estas xestións en conxunto cos consistorios da Comarca, dos que se «descolgou» o Concello da Coruña, tras optar por realizala súa propia aposta polo tratamento independente dos residuos sen dar participación ó resto das corporacións.

Numerosas reunións tiveron lugar antes de presentar en Madrid o que será o Plan de Tratamento Integral. Por unha banda, cos municipais da comarca, e por outra con representantes de Sogama, unha empresa creada pola Xunta para icinera-los residuos de toda Galicia. Nun principio, esta empresa autonómica, pretendía que os Concellos entregaran sen discusión a basura, pagando o seu correspondente cánon, pero tras moitas negociacións, a mancomunidade logrou que Sogama recolle nestes concellos só o que nós non fosemos quen de reciclar. Ademais, axudará á Mancomunidade a monta-lo Plan alternativo de recollida e tratamento de lixo.



### AS FASES DUN PROXECTO AMBICIOSO

1ª FASE	2ª FASE	3ª FASE
Materiais didácticos, talleres de reciclaxe, monitores especializados	Recollida selectiva en orixe	Empacado de cartón e vidro
Difusión e promoción da reciclaxe	Parques de reciclaxe para residuos voluminosos	Mistura de vexetais e outros
Planta Piloto de fabricación de compost e separación de materiais	Residuos orgánicos especiais para a compostaxe	Fabricación de compost
		Conducción dos sobrantes á planta de Sogama

A Mancomunidade de Concellos da Coruña presentou recentemente o proxecto de tratamento de residuos sólidos urbanos (RSU) ante a Unión Europea, en relación á convocatoria dos fondos «Pomal» (Programa operativo de Medio Ambiente Local).

O Fondo de Infraestruturas para a mellora do Medio Ambiente das entidades locais ten xa enriba da mesa o proxecto presentado polos concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada. Entre os nove, suman unha poboación total censada de 112.958 persoas. Todos eles forman a

Mancomunidade da Coruña, se ben o concello da capital decidiu face-lo seu propio plan de tratamento.

O proxecto mancomunado consta de tres fases, e é de xestión totalmente pública. A maior parte do lixo terá como destino final a fabricación de compost, un abono de excelente calidade para a agricultura. Os residuos que non sexa posible reciclar para este novo fin biolóxico, serán recollidos por Sogama, a empresa da Xunta coa que se aca-

dou hai meses un acordo de recollida de excedentes.

A primeira fase incide na motivación social e a sensibilización cidadana, para o que prevé un investimento de 182 millóns de pesetas. As accións encamiñadas a modifica-los hábitos humanos en relación ó lixo centraránse, sobre todo, nos centros educativos, mediante programas específicos de educación ambiental. Ademais, prevése a construción dunha pranta

piloto con intención divulgativa e a detección de canles de comercialización para o compost resultante.

A iniciativa mancomunada refírese ós medios para realiza-la recollida selectiva, para o que prevé a ubicación de varios parques de reciclaxe, ó que se destina un investimento de case 217 millóns de pesetas. Por último, o remate do proxecto viría definido pola construción da pranta de reciclaxe ou compostaxe de residuos, así como a maquinaria necesaria para a súa xestión. Este concepto é o que require un maior investimento, que ascende a 805 millóns de pesetas. Os estudos económicos realizados ofrecen un claro índice de rentabilidade para esta iniciativa, aínda no caso de que houbera que dar de balde o compost resultante.

Este proxecto redactado por un equipo técnico de grande prestixio, conta cun presuposto que supera os 1.200 millóns de pesetas, pode ser realizado antes do ano 2.000. As reunións mantidas en Madrid tiveron lugar na Dirección Xeral de Planificación Económica do Ministerio de Facenda, e na de Avaliación e Calidade Ambiental do Ministerio do Medio Ambiente.

## Un Plan ante a UE

## As solucións comezan por ti

*Temos que demostrar que aquí vivimos xente civilizada*

Causa mágoa que non respeten os horarios establecidos para a recollida do lixo. Non podemos ter sempre un policía acarón de cada contedor, para comprobar que se baixa a bolsa na hora adecuada. Os veciños somos os máis interesados en que as prazas, rúas, xardíns e paseos estén

limpos, e o Concello fai todo o posible para que así sexa. Cada un de nós debemos comprometer-nos a respecta-los horarios e tira-lo lixo nos contenedores e en bolsas pechadas. Estes días están a colocarse uns carteis de maior tamaño nos contenedores, para que ninguén poida dicir que non os vé. Agardemos que con estes novos sinais todos os veciños despistados do horario volvan a demostrar que aquí vivimos xente civilizada.



Como o escoitas. Ti e só ti, como eu, como este e máis aquel. Temos que colaborar máis e mellor nos labores de recollida, para que o lixo non esté na rúa a deshora ou se tire en vésperas de festivo, xa que non hai servizo de recollida.

### Recollida de Lixo

Horario para deposita-lo lixo nos contedores:

**De 9 da tarde a 12 da noite**

Non depositen lixo os sábados ou véspera de festivos

Por favor, respeten estes horarios, por razóns hixiénicas.

Todos queremos un Concello limpo

Recollida de **Chatarra**. Tif. 63 1184

**Para tirar papel:**

**Perillo:** Colexio Valle Inclán / Casa da Xuventude, rúa Darwin / Instituto Xosé Neira Vilas. **Santa Cruz:** Colexio Isidro Parga Pondal / Rúa Ricardo Cubeiro / Instituto de Bastiagueiro. **Mera:** Colexio Luis Seoane. **Oleiros:** Colexio A Rabadeira / Urbanización Dos Regos, Centro Formación.

**Para tirar vidro:**

**Perillo:** Praza da Canteira / Praza Darwin (Casa da Xuventude) / Avda. Sta. Cristina (Parque José Martí e esquina rúa Xuncal) / Avda. das Mariñas (NVI) (Urbanización Agramar e Urbanización Beiramar) / Avda. Rosalía Castro (Ferretería Oswaldito). **Nós:** O Seixal. **Santa Cruz:** Viñas de Babilonia (esquina Suárez Picallo) / Esquina Hotel Maxi / Rúa Ricardo Cubeiro. **Mera:** Edificio Casablanca / Edificio A Perla. **Dorneda:** Cruce de Arillo. **Oleiros:** Praza da Rabadeira / Urbanización Dos Regos. Por favor, non deixe caixas, papel ou botellas fóra do contedor. Agarde a outro día, ou avise ó servizo de recollida.

**Animais domésticos**

Se vostede ten cans, non os leve ceibos, xa que poden molestar a alguén. Procure que non defecuen nas rúas.

# Un dos primeiros concellos que aproba os Presupostos do 98 Os números do ano que ven

O Concello de Oleiros foi un dos primeiros de Galicia en aproba-los Presupostos para o 98. Gracias a esta celeridade, o ano que ven serán executadas obras e servizos municipais con maior tino e sen agobios.

Aproba-los investimentos do ano que ven foi tomada polo Goberno Municipal para dar unha mostra de eficacia e bon facer administrativo, e posibilitar unha planificación serena e correcta das obras a realizar. O presuposto está realmente dividido en dúas partes. Unha delas abrangue o xeral do Concello, e outra o organismo autónomo «Fundación Municipal de Cultura» —véxase máis información na páxina XX—. Dedicada a obras uns 500 millóns de pesetas, cáseque un cuarto do total.

Como pode observarse nos gráficos, os gastos do próximo ano están dedicados ó mantemento da importante infraestrutura municipal (877 millóns en persoal e 574 en gastos administrativos); 555 millóns para investimentos reais (obras) e 106 millóns



para subvencionar entidades.

**¿Cómo chega este diñeiro ó municipio?** 631 millóns de impostos directos recadados polo Concello (IBI, IAE, etc.), ós que hai que sumar 130 de impostos indirectos (por obras, etc.). Por taxas e precios públicos recádanse 429 millóns; por transferencias correntes (do Estado, para gastos administrativos) chegan algo máis de 507 millóns.

Capítulo aparte merecen as «transferencias de capital» (diñeiro para obras). Dos 140 millóns desta partida, a maioría (96) son obtidos directamente polo Concello gracias á negociación de convenios urbanísticos en beneficio dos veciños. Este é o capítulo dos presupostos que máis distingue ó noso Concello do resto, xa que somos especialmente activos na xestión desta área de planifica-

ción urbanística gracias á que Oleiros medra con racionalidade e pensando tan só no ben común.

O resto procede da Deputación (26,5) e da Xunta (17). Hai outros ingresos (290 millóns por vendas -solo e semellantes- e 28,2 millóns polas concesións administrativas de propiedades municipais).



## Novas obras con cargo a outros Plans municipais

No mesmo Pleno dos Presupostos, aprobáronse tamén o **Plan Plurianual da Inversións Locais 1998-2001**, e o **Plan de Obras e Servizos**, en virtude dos que se realizarán obras como a recuperación de mananciais e mantemento do entorno das fontes de Vigo (Lorbé-Dexo), Campamento (Iñás) e Rialta (Dorneda), así como a construción da Polideportiva de Buinte, en Dexo.


Luz verde tamén para diversas figuras de planeamento urbanístico en diversos lugares, e á aprobación do Convenio cos propietarios de parte da futura urbanización Pazo do Río, en Montrove, na que se construírán máis de 130 vivendas unifamiliares e plurifamiliares.

## Calendario fiscal 98: novidades á vista

Paga-los impostos é tan importante como disfrutar das obras e os servizos municipais que xestionamos. Pero o certo é que non resulta moi agradable. O Concello é consciente desa incomodidade e puxo en marcha unha serie de iniciativas que sen dúbida facerán máis doado o abono dos impostos. Este ano xa podemos paga-los impostos directamente desde a nosa conta corrente ou sen ter que trasladarnos á Facenda Local de Perillo.

O 98 ademais, recibiremos na casa unha carta co Calendario Fiscal para todo o ano, de tal xeito que poidamos planificar as nosas contas e pagar puntualmente e sen recargos. Ademais, existe un sobre de Autoliquidación que serve para pagar unha morea de impostos municipais simplemente con cobri-lo seu impreso e deixalo en calquera dependencia municipal. Máis adiante informaremos de outras novidades que poden contribuir a que eso de paga-los tributos públicos sexa máis doado.

Entre o 2 de marzo e o 4 de maio debemos pagar vehículos, vados, recollida de lixo, terrazas e cemiterios, e entre o 24 de agosto e o 30 de outubro pagaremos IAE (actividades económicas) e IBI (bens inmo- bles) urbana e rústica. Poderanse pagar en Caixa Galicia, Banesto, Santander e La Caixa. Tamén se pode domicializa-lo pago, co que se gana celeridade e se evitan molestias.



## Iñás: novo plano da N-VI

O Concello ten presentado xa ante o Ministerio un novo proxecto para a interconexión da estrada N-VI coa que une Oleiros e Pravía, cunha importante novidade: o túnel baixo a estrada principal unirá estas dúas localidades sen necesidade de cruzar ó mesmo nivel e complementábase con dous novos vias de acceso que vertebrarán o tráfico procedente da Coruña e de Betanzos, con destino a Pravía ou a Oleiros.

Estes dous accesos quedarán un bocado distantes do túnel, e darán tamén servizo a numerosas naves e fincas. Estas obras foron reclamadas insistentemente polos veciños e o Concello ante o Ministerio, e toman un novo pulo que aumenta a esperanza de que sexan aprobadas en breve, algo que resulta imprescindible para mellorar os índices de seguridade

viaria na zona, especialmente para os viandantes.

Ademais desta importante obra de acceso, os veciños da Asociación «O Hórreo» transmitiron ó Concello demandas como o aumento do alumado público na zona do Caño, a realización da rede de alcantarillado entre O Caño e as naves industriais que lindan co termo municipal de Sada e a súa prolongación ata a N-VI; a rede de alcantarillado no núcleo dos Vilares, e a mellora de diversos camiños de menor importancia.

Pediron tamén que se merque unha finca de máis 2.500 m<sup>2</sup> que actualmente está á venda cabo da Casa do Pobo. Ademais, interesáronse por unha serie de reformas que ó seu xuício deberían acometerse neste edificio social para adaptalo a novos usos.

Máis de 2.000 millóns de pesetas presupostados farán que 1998 vaia ser un ano fundamental para seguir construíndo o Oleiros que todos queremos para vivir. Ese Concello modélico, que medra como é debido e que resulta un exemplo para todos.

## As obras do 98

Anque tamén os capítulos de funcionamento diario do Concello son importantes, non cabe dúbida de que os diñeiros destinados a inversións son os que máis nos afectan a todos. Este apartado conta con máis de 500 millóns de pesetas. ¿En qué se van gastar? Aquí tes unha relación das obras máis importantes.

### MERCA DE SOLOS, EXPROPIACIÓNS OU ACORDOS PARA AS SEGUINTE OBRAS:

#### PARQUE E PASEO MARÍTIMO BASTIAGUEIRO

Entregarase ó Ministerio de Medio Ambiente, para unha obra que transformará radicalmente a fisonomía do lugar.

#### AMPLIACIÓN PRAZA RABADEIRA

Ampliación e reforma do lugar, segundo o resultado abrumador da enquisa celebrada en setembro.



Praza da Rabadeira

#### SENDAS COSTEIRAS

A primeira fase, entre Sta. Cristina e Bastiagueiro, consiste en camiños de 3 a 6 m. de ancho, para pasear.

#### DEPÓSITO AUGA MONTROVE

Situado no Monte do Sino, unha obra en previsión do aumento de poboación previsto.

#### PROLONGACIÓN RÚA HÁBITAT

Complementaria das obras de reforma da Ponte do Pasaxe.



Bastiagueiro. Aquí comezará o futuro Parque Metropolitano

#### PARQUE METROPOLITANO

O futuro Parque chegará desde Perillo a Montrove e Santa Cruz, unha grande extensión que conectará co Parque de Bastiagueiro e que nace como pulmón da comarca.

#### OUTROS TERREOS

Para aperturas de rúas e paso da rede de saneamento en varios lugares do Concello.



Bastiagueiro

### CONTRATACIÓN DE REDACCIÓNS DE PROXECTOS PARA OBRAS

Que para a súa realización serán incluídas nos plans firmados entre o Concello e outras administracións como Ministerios, Xunta ou Deputación.

#### AUGA E SANEAMENTO DE BROÑO

Incorporar esta localidade ós niveis de equipamento do resto do Concello

#### PLAN ESPECIAL PARQUE METROPOLITANO

Inicio da primeira fase, que abranque desde a recta de Bastiagueiro ata a Igrexa de Santa Eulalia de Liáns.

#### PLAN ESPECIAL TRA-LA LAGOA EN MERA

Para ampliar o Parque da Lagoa ata estrada da Besta e Maianca.

#### PLANIFICACIÓN E TERREOS PARA INSTITUTO EN OLEIROS

Situados na rúa Miguel Hernández, con destino a ensinanzas medias, que xa foi comprometido por Educación.



Parque da Lagoa. Mera

#### SEGUNDA FASE AS GALERAS

Parcelación e urbanización desta iniciativa urbanística, situada en Coruxo.

#### PRAZA E VIAL EN SANTA CRUZ

Para acceso á pista Polideportiva.

#### CEMITERIO DE DORNEDA

Construción nova, segundo unha vella aspiración veciñal.

#### PRAZA DA RABADEIRA

Proxecto definitivo para execución dunha reforma tan desexada polos veciños do centro urbano de Oleiros, e que será ampliada segundo a opinión expresada libremente pola maioría das familias.

#### PASEO RÍA DA PASAXE

A ubicar entre a urbanización Agramar e a Ponte Pasaxe, na Ría do Burgo.



Agramar-Pasaxe

#### ESCOLA INFANTIL EN BASTIAGUEIRO

Unha nova escola para nenos de entre 1 e 3 anos, como A Pardela.

#### ELIMINACIÓN DA DEPURADORA DE MERA

Obra moi necesaria para millora-lo entorno do Parque da Lagoa. Consiste en bombea-la auga cara ó colector xeral da Mancomunidade.

#### OBRAS DEPORTIVAS

##### CAMPO DE FÚTBOL DE MONTROVE

Dotación de gradas e vestiarios

##### PISTA POLIDEPORTIVA EN DEXO

Situada no Campo da Festa de Buinte.

##### OUTRAS OBRAS

Entre as que cabe destacar as de pintar as Pistas Polideportivas de todo o concello, e a construción de gradas nas pistas de atletismo de Canide e na do Colexio Valle-Inclán.



Colexio Valle-Inclán

#### OUTRAS OBRAS LOCAIS

Realización de pequenos ramais de aceras en numerosos puntos de cascos urbanos consolidados, entre os que poden citarse as de Vilar, Avda. das Américas (Zona Clube de Regatas), Celso Emilio Ferreiro, Casa do Mar de Mera, e varias no casco urbano de Oleiros.

#### CASA DO POBO DE MERA

Obras de urbanización da parcela que a rodea, e dotación de mobiliario urbano, mesas, barbaçoas, etc.



Mera. Casa do Pobo

#### PARQUE IBARROLA (MONTROVE)

Creación dun Parque público de 5000m<sup>2</sup>.

#### PARQUES CARBALLIDO E AGRAMAR

Melloras diversas

#### MELLORA XERAL, CON DOTACIÓN DE MOBILIARIO E PLANTACIÓN DE ÁRBORES EN:

Zona verde de A Pía, en Mera  
Campos da festa de Dexo e O Carballo  
Entorno Parque A Lagoa  
Anexo de zona verde de Rafael Alberti  
Zona verde 10 de Marzo (rúa Ricardo Cubeiro)

#### AUGAS E SANEAMENTOS

Aportación municipal do 50% ós veciños que abordan estas obras, en todo o Concello (Seixo, Os Vilares, Lourido Grande, O Couto-Lorbé, etc.).

#### FONTES

Recuperación de mananciais e axardinamento do entorno en Campo da Vila (Iñás), Rialta e O Couto (Dorneda), Vigo (Lorbé) e Coroto (Nós).



Río de Montrove

#### RUAS E CAMIÑOS

Realizáranse, en conxunto, obras por un importe de 70 millóns de pesetas, entre outros, nos seguintes lugares:

#### APERTURAS

Rúas Real (Oleiros), Pazo (Montrove), Illa Portelo (Maianca), Xenza (Liáns), Lameiriña e A Chave (Dorneda), Río Seixo (Sta. Cruz), Mollón (Dexo), Barcala (Nós), Carreira Cova (Montrove), A Costa e A Carreira (Xoez) e Rúa do Castro (O Caño-Iñás)

#### ASFALTADOS (ENTRE OUTROS)

Rúa Codesal (Liáns), A Marola (Dexo), Broño-Maianca, Pinar do Río (Mera), Porto, Rialta, Pinar, Icaria e Valle Inclán.

#### CREACIÓN DE ARCÉNS (MELLORA SEGURIDADE VIAL)

Rúa Regos-Coruxo, Rúa Cabreira-Mera, Rúa Mera-A Pía

#### REBACHEOS E REGOS ASFÁLTICOS

En numerosos lugares do Concello

#### ALUMADOS PÚBLICOS (ENTRE OUTROS)

Maianca-Broño e A Concheira (Maianca), Rúa Maside (Nós) e Paseo de Sta. Cristina (Zona central), Follas Novas (Montrove), entre outros.



#### MOBILIARIO URBANO E SERVICIOS VARIOS

Casa do Pobo de Montrove, Biblioteca Central de Rialda, Casa da Música, Alarmas en varios colexios público, Sinalización de núcleos de poboación, Contenedores de lixo, Marquesinas varias e Semáforos

## Máis vivendas con precios taxados e asequibles

# Vivir aquí será menos

**O Concello está a poñer en marcha un Plan para que tódolos cidadáns de Oleiros poidan acceder a unha vivenda. Debido á carestía do solo, algúns veciños van merca-la súa casa a outros lugares máis asequibles. Pero a calidade vai cáseque sempre unida ó precio. O Concello está moi preocupa-**

**do pola carestía da vivenda. Pero ¿qué se pode facer para conseguir un hábitat de primeira calidade, e ofrecer fogares a un prezo asequible? Só hai un camiño: dispoñer solo para construír, en colaboración coa Xunta Galega da Vivenda e Solo, vivendas de precio taxado.**

### ¿PORQUÉ NOUTROS CONCELLOS A VIVENDA ESTÁ MÁIS BARATA?

Sen dúbida, porque as súas autoridades locais non están demasiado preocupadas por mante-la calidade urbana. En cambio, o Oleiros dos últimos anos foi un exemplo de xestión urbana que se estudou ata nas universidades como un éxito. Gracias ó esforzo da xestión urbanística, os veciños de Oleiros logramos, entre todos, construír un espacio que medrou coa harmonía, a beleza e a tranquilidade necesarias.

### VEXAMOS UN EXEMPLO: SANTA CRISTINA

En Perillo existe un exemplo moi claro: A zona que vai entre a Avenida de Santa Cristina e a Avenida de Ché Guevara, construída nos anos 70, cando aínda non gobernaba a corporación municipal democrática. Alí hai rúas sen saída, vías estreitas, edificacións de mala calidade... unha construción que agora non se permite.

Hoxe, en moitos Concellos do arredor, aínda se constrúe así. Pero en Oleiros non, porque nós queremos que os veciños teñan un entorno urbano máis agradable e civilizado, no que as vivendas se combinen con parques, avenidas e paseos.

### FAITE ALGUNHA DESTAS PREGUNTAS

Se comparas o xeito de crecemento de Oleiros co de outros lugares próximos, podes comprobalo:

- ¿Cántas zonas verdes e paseos teñen noutros lugares que todos podemos visitar?
- ¿Cantos lugares hai que teñan tódalas necesidades urbanas (traídas de augas, colectores, etc.) cubertas?
- ¿Dónde mellor que en Oleiros está resolto o problema

dos servicios?

- ¿Qué Concello ten un sistema de bibliotecas tan completo como o noso?
- ¿Dónde existe tan alto número de instalacións deportivas, e mesmo tan grande oferta de actividades?
- ¿En qué concello que ronde os 25.000 habitantes existen 15 centros culturais ou sociais?

Todos estes datos, e algúns outros, son os que fan de Oleiros un sitio diferente para vivir, cos índices de calidade urbana máis

altos de Galicia. Gracias a esta xestión, Oleiros é a envexa de calquer concello. ¿Non crees que paga a pena?

### O PRECIO DUN ENTORNO DE CALIDADE

As empresas dedicadas a construír e promocionar vivendas saben que, gracias a este nivel de calidade, o precio no mercado dunha casa é moi superior a outros lugares, por pura lóxica de mercado: se alguén quere vivir nun lugar máis bonito, con máis e mellores servicios públicos, con grandes paseos, terá que pagar máis que se vive nun núcleo masificado, onde a xente se amontona en torres de dez ou doce pisos, con pequenos recunchos ós que chaman «prazas» e sen lugares onde facer deporte ou donde dar un paseo agradable.

### SIGAMOS COS EXEMPLOS

Imaxínate que no Parque José Martí estiveran construídas vivendas como as que se fixeron na Rúa Xuncal ou na zona do Clube de Regatas. Ou, por exemplo, que no Parque Luis Seoane de Santa Cruz se edificase igual que na rúa Suárez Picallo. Probablemente ambos parques serían unha piña de casas de pisos, sen zonas verdes para o esparcemento e onde nacerían bares e chiringuitos como fungos dun tronco podre.

Afortunadamente, hoxe son lugares que calquera elixiría para vivir. As novas urbanizacións fixeron posible que Oleiros medrara, pero ó mesmo tempo, os veciños teñen grandes parques, fermosos paseos e instalacións sociais como as

## OLEIROS, UN ÉXITO ROTUNDO

Algúns políticos xogan a veces con estes temas da vivenda para descalificar ó Goberno Municipal. Só queren facer dano. Pero o Concello apostou sempre pola calidade. Creemos que todo o mundo debe vivir rodeado das máximas comodidades. Hai moitos anos prantexámonos conseguilo, e hoxe Oleiros é un rotundo éxito de habitabilidade e amor polo entorno.

Todos os que vivimos aquí temos o orgullo de compartir un lugar esquisito, fermoso e ben orientado no camiño do século XXI. Fixemos un pobo á

medida das personas, e non podemos poñer en perigo este nivel ó que moitos concellos aspiran e que nós xa acadamos.

Algúns políticos, como non poden protestar pola boa e exitosa xestión do Concello, buscan temas como o da vivenda para tratar de ensucia-la imaxe municipal. Din que estamos facendo un Concello para ricos, para os de fóra. Nada máis lonxe da realidade: Queremos que todos os veciños sen excepción, con moito ou pouco diñeiro, altos e baixos, brancos e negros, teñan un entorno fermoso e adecuado

para vivi-la súa vida en liberdade e educar ós seus fillos nun entorno civilizado e fermoso.

Os políticos responsables, anque estén na oposición desesperados buscando onde poden poñer-la chata, non debían xogar con estes asuntos tan trascendentes para o futuro de Oleiros. É un comportamento vil e ruín.

Só atopamos unha explicación: como non teñen argumentos políticos para descalifica-lo labor municipal, dan a volta á realidade e convirten en catástrofe o todo o ben que temos feito.

casas  
deport

MAI  
VALO

Se  
Cruz o  
no Gra  
ningue  
A  
un Ole  
valor e  
de Ole  
pagar  
estes o

•  
•  
dan se

CON  
DE P

¿C  
Promo  
vivend  
libre m  
para q  
nómica

esforzos que se l  
lugar como Sad  
nefasto e especu

QUE NIN

Para elo, o  
Instituto Galego  
de Urbanismo o  
Urbanización C  
vivendas en bai  
vivendas serán  
taxado. Para a s  
oleirenses. O pa

Asímesmo, o  
ción de máis de  
mesmas condici  
promiso de que  
municipio, para

AGARDA

Con estas  
se teña nece  
porque non  
toda a vida.

Xa sabes:  
pendizarte d  
un piso aquí,  
tas que axiñ  
precio taxad



# caro

ra seguir construí-  
n precio razonable?  
oración co Instituto

da cultura, bibliotecas, museos, instalacións  
ivas, etc.

## OR CALIDADE = MAIOR R ECONÓMICO

ti tiveras un piso en Santa Cristina, Santa  
ou Mera ¿venderíalo polo mesmo precio que  
axal ou Fonteculler? Sen dúbida, non, porque  
én debe vender algo por menos do que vale.  
política municipal encamiñouse a construír  
iros de maior calidade, e por tanto, con máis  
económico. Pero non queremos que os veciños  
iros teñan que irse de aquí porque non poden  
precios do mercado libre. Hai que conxugar  
lous desexos:

Continuar medrando nun entorno de calidade  
Facer posible que os veciños de Oleiros poi-  
guir vivindo aquí.

## STRUIR VIVENDAS RECIO TAXADO

ómo podemos afrontar este dilema?  
vendo desde o Concello a construción de  
las de precio controlado, para que o mercado  
non poña polas nubes seguir vivindo aquí,  
ue só os que teñen moitas posibilidades eco-  
as se poidan beneficiar de tantos anos de  
evan feito para que esto non se convirta nun  
a ou Sanxenxo, dous exemplos de urbanismo  
lativo.

## GUÉN TEÑA QUE IR VIVIR FÓRA

Goberno Municipal poñerá a disposición do  
o da Vivenda o solo previsto polo Plan Xeral  
do Concello no lugar do Carballo, diante da  
O Pinar. A nova promoción consta de 189  
xo mais tres plantas, e chalets adosados. As  
todas de protección oficial (VPO) e prezo  
úa adquisición terán preferencia os cidadáns  
go pode ser a 15 anos e un 5% de interese.  
o Concello pactou con promotores a construc-  
150 vivendas en Bastiagueiro e Montrove nas  
óns económicas que as do Carballo, co com-  
se adxudiquen preferentemente a veciños do  
o que o Concello controlará a súa venda.

## UN POUCO E APÚNTATE

medidas, queremos que ningún oleiren-  
sidade de irse a vivir a outro concello  
poda pagarse unha vivenda onde viviu

se estás a piques de casar, ou de inde-  
a casa familiar, e non podes comprarte  
agarda un pouco para apuntarte ás lis-  
a saírán para solicitar unha vivenda de  
o.

## O «José Martí» chega ó mar

A segunda fase das obras do Parque José  
Martí de Perillo recomenzaron, logo dunha  
paralización temporal a causa dunha crise da  
empresa constructora. O parque estará listo  
en seis meses e custará 109 millóns.

Esta segunda fase abrangue uns 18.000  
m<sup>2</sup>, que se engaden ó actual parque, co que se  
chega ós 45.000 m<sup>2</sup> do pulmón de Santa  
Cristina. Cando esté rematado quedará unido  
to o litoral: o actual paseo coa finca na que se

vai construír o Centro Náutico de Perillo e a  
Casa da Música, no chamado «Muelle do  
Inglés». Os terreos foron comprados polo  
Concello e as obras son financiadas pola  
Dirección Xeral de Costas.

A fisonomía das obras que comezan está  
definida por un gran espazo circular central, con  
palmeiras da caste «Phoenix Canariensis», na  
zona máis próxima á conexión co actual parque.  
Os parterres levan tamén araucarias, campani-

llas de diversas cores, azaleas, begonias, e outras  
especies de xardín, ademais dun reloxo de sol.  
Na parte máis próxima ó mar, prantaranse  
piñeiros mariños do país. Na parte inferior, tres  
portas comunicarán o parque José Martí co  
paseo marítimo.

Esta intervención urbanística é unha das  
máis significativas dos últimos tempos, dese-  
ñada para que Santa Cristina tivese un gran  
área de esparcemento para os cidadáns.

## Mera: novo Centro Social e melloras na Lagoa

As entidades sociais de Mera  
terán máis locais para as súas acti-  
vidades e sedes co novo Centro

Social que se está a finalizar na Pía  
de Maianca. Investiránse algo máis  
de 5 millóns de pesetas para rema-

ta-lo edificio financiado a  
cargo do Convenio  
Urbánico da Pía. Ademais  
dun local para servizos muni-  
cipais, no Centro Social terán  
cabida as entidades veciñais  
de Mera, o Clube de Remo e o  
Clube de fútbol «Marino».

O Concello solicitou infor-  
mación á Xunta sobre as futu-  
ras obras de eliminación da  
actual depuradora de Mera. A  
obra está valorada nuns 120 millóns  
de pesetas cos que se construír unha  
estación de bombeo con impulsión

cara á rede de saneamento de Dor-  
neda, e desde alí dirixi-los residuos  
cara ó emisario mancomunado de  
Bens. Suprimírase así unha instala-  
ción obsoleta do senlleiro parque da  
Lagoa.

Ademais desta obra, tamén se  
adecentará o entorno de Casa  
Labarta, que será centro de presco-  
larcando acabe a súa restauración.  
Esta obra inclúe o acondicionamento  
de todo o exterior da Casa, e com-  
prende traballos de construción de  
aceras, peche da finca e axardina-  
mento do conxunto.

## RIALTA: ¿REMATARÁN AS OBRAS?

A mellora do Parque de Rialta non leva o ritmo previsto,  
debido a que a Deputación non presta a atención adecuada no  
seguimento da obra.

O Concello ten protestado ante o organismo provincial,  
requerindo en varias ocasións que se remate a obra e se con-  
trole o desorde que existe, xa que os materiais das obras esti-  
veron varias semanas dificultando o normal uso do parque  
polos veciños, que mostraron, en numerosas chamadas ó  
Concello, o seu disgusto pola falta de seriedade da Deputación  
á hora de rematar unhas obras que consisten en instalar novo  
mobiliario urbano. Máis de 5 millóns invirten ambas adminis-  
tracións. O Concello incrementou os xogos cunha nova Torre  
de madeira, construída polos alumnos da Casa de Oficios.

## OBRAS NO COLEXIO DE OLEIROS

Están a piques de remata-las obras do Colexio Público de A  
Rabadeira, de Oleiros. Trátase do novo Salón de Actos, situado  
nun antigo patio cuberto, e sufragado íntegramente polo  
Concello de Oleiros. É un salón polivalente para Conferencias,  
Teatro, reunións de alumnos, etc. que costa uns 10 millóns.  
Tamén unha profunda renovación da Polideportiva, cun investi-  
mento de uns 5 millóns de pesetas.

## Montrove: nova Casa do Pobo

Un estupendo edificio estase a construír no solar onde se ubicaba o  
vello Centro Cultural e Recreativo de Montrove.

É a nova Casa do Pobo, que estará lista en poucos meses. Alí terán  
cabida a nova Biblioteca, un aula da Terceira Idade, un salón de actos e  
locais para tódalas actividades sociais que os veciños desexen realizar.

Costa 55 millóns e fai o número 14 dos edificios destinados polo  
Concello a actividades socioculturais. Montrove é un dos lugares que  
máis medra nos últimos anos, e onde están en marcha importantes  
urbanizacións que dinamizarán a vida social.



Seis novos conxuntos de xogos para nenos foron colocados por todo o Concello. Tal é a expectación que causan estes xogos, producidos no CMF «Díaz Pardo», que teñen chegado moitas peticións de información por parte doutros concellos, e incluso recentemente mereceron a atención do programa «Xabarín Club», que grabou unha ampla reportaxe sobre a súa construción.

## A metade dos que pasan polo Díaz Pardo atopan traballo

O éxito da promoción laboral realizada desde o Centro Municipal de Formación «Isaac Díaz Pardo» materialízase en que o 42% dos 113 alumnos que remataron os cursos de formación ocupacional durante o curso 96-97 están traballando na actualidade. Foron 10 cursos subvencionados pola Consellería de Familia, Muller e Xuventude da Xunta de Galicia.

Das 150 persoas que iniciaron os cursos, 37 foron abandonando precisamente por serlles realizada unha oferta interesante de traballo, moitas veces a través do propio Centro de Formación, que é centro colaborador co Servicio Galego de Colocación.

Centro trece alumnos acabaron os seus respectivos cursos, das especialidades de ebanista, paste-

lería, xardinería, pintor de edificios, cociña, escaiolista, portlandista, albanelería, deseño asistido por ordenador ou maquinista de planchas serigráficas. De eles, o 78% recibiron o certificado de cualificación profesional, a metade deles traballando na actualidade, mentres que o 37% están aínda desempregados, o 15% aínda continúan en período de formación e o 4% están realizando o servicio militar ou civil obrigatorio.

Dos 150 que iniciaron o proceso formativo, máis da metade (55%) están traballando.

Os cursos que máis inserción laboral rexistran son ebanista e cociña (cun 58% de persoas traballando en cadansúa especialidade). O 47% dos que se formaron na arte

da pastelería, o 37% das especialidades de pintor de edificios e escaiolista, o 30% de portlandistas e maquinistas de planchas serigráficas, e só o 22% dos alumnos de albanelería conseguiron traballo, o índice máis baixo de colocación.

Entre o primeiro día de 1997 e o 31 de xullo, o Centro Municipal de Formación introduxo un total de 164 currículos de persoas que demandaban traballo, e realizou a tramitación de 12 ofertas de emprego presentadas por empresarios que desexaban traballadores. Así mesmo, realizáronse un total de 182 verificacións para comprobar se algúns candidatos estaban ou non traballando para acudir a unha cita para conseguir un posto de traballo.

## sociedade

### Nace o «Taxi da Ría», con taxímetro e un só teléfono

Chega, por fin, o «Taxi da Ría», un concepto baixo o que se englobarán os automóviles públicos de Cambre, Culleredo e Oleiros, que contarán ademais cunha tarifa conxunta e seguirán a apoiar-lo seu servicio ó público co número de teléfono centralizado 651111. Os vehículos contarán cun logotipo identificador conxunto. Conservan a numeración preexistente ata agora, pero a cada número dos actuais engadiráselles un dígito inicial (1-Cambre, 2-Culleredo e 3-Oleiros).

As novas tarifas, que rexerán desde xaneiro, son as seguintes: Baixada de bandeira: 175. Viaxe mínimo: 400. Km. percorrido: 108. Hora de espera: 2.100. Tarifa nocturna (de 23 a 7h; e festivos e non laborables desde as 16h), recargo do 25%. E saída dende o aeroporto: 400 pesetas.

### Confirmadas por fin as tres novas farmacias

As tres novas farmacias de Oleiros son xa unha realidade, segundo puido saber o Concello acerca dunha resolución da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, organismo competente na adxudicación. Resolvese así, por fin, unha vella aspiración dos veciños do Concello, que verán mellorado o servicio farmacéutico ós niveis de calidade recollidos na lexislación para as oficinas de farmacia.

Anque aínda falta o paso da adxudicación definitiva ós solicitantes da explotación destas farmacias, o Goberno de Oleiros felicítase porque ó fin, cumpríronse os criterios do Concello para instalar unha farmacia en Dorneda, outra en Lorbé e unha máis en Perillo, onde xa existe outra. Estas tres oficinas xúntanse ás 5 xa existentes (a devandita de Perillo e as de Santa Cruz, Oleiros, Nós e Mera).

A alcaldesa de Oleiros tiña protestado en varias ocasións ante a Delegación de Sanidade pola tardanza en resolver este problema por parte da administración competente, xa que un concello en enorme expansión e que xa case chega ós 25.000 habitantes —un dos poucos de Galicia que medra— non podía recibir un servicio farmacéutico de segunda categoría.



*¿Tes 60 anos ou máis?*

*Mellor que na casa.*

De 9 da mañá a 6 da tarde tes un lugar onde podes charlar, pasear, xogar, xantar, facer exercicio labores, tertulia... con cuidadores, animadores, médico, ximnasio e moitas outras atencións.

Pénsao ben e anímate.  
Un autobús recóllete na casa e vóllete a deixar alí.  
E é moi barato.

**Infórmate:**  
Servicios Sociais  
Concello de Oleiros  
**Tlf. 61 00 00**

PAZO  
**Arenaza**  
PORQUE O MERECEES TODO

*¿Eres  
Obxector de  
conciencia?*

*¿Estás censado  
en Oleiros?*

*Pois podes prestar  
aquí o teu  
Servicio  
Alternativo.*

Infórmate na  
Casa da Xuventude  
(Rúa Darwin, 1. Perillo)  
Tlf. 63 5769

Unha parte importante do presuposto municipal dedícase á promoción da vitalidade cultural. Dos 2.200 millóns de pesetas do presuposto xeral, 317 corresponden ó organismo autónomo de Cultura.

Grandes esforzos para cultura e deporte nos Presupostos do 98

## Máis cultos = máis libres

### COMEDORES ESCOLARES

Moitos alumnos das escolas públicas do Concello poderán facer uso este ano dos Comedores Escolares, unha iniciativa do Goberno Municipal gracias á que os rapaces poden quedar a xantar na escola, gracias a unha iniciativa municipal que tende a adaptarse ós hábitos de gran parte da poboación. Os presupostos municipais para o vindeiro ano prevén unha partida para subvencionar os comedores escolares, que serán de utilización voluntaria e cun sistema de «catering». O Concello subvenciona este servizo segundo o nivel de renda de cada familia

### PROGRAMACIÓN DE ESPECTÁCULOS

En decembro, a programación iniciase o día 6 cun concerto na Igrexa de Mera do Coro de Cámara da Coruña. O 13, Áncora producións escenificará «Ladraremos» nas Torres, e o venres 19 a compañía Buratini poñerá en escena «A gaita que facía a todos bailar», ás 18,30 horas. Tamén está programada, para o 10 de xaneiro, «Escola de bufóns», de Ollomol Tranvía.

Parte considerable do presuposto de cultura destínase ó Centro Municipal de Formación «Isaac Díaz Pardo», (70 millóns) dedicado fundamentalmente á promoción sociolaboral. A elo hai que engadi-lo presuposto da nova Casa de Oficios da Carballeira, en Nós (Convenio coa Fundación Juana de Vega), operación en colaboración co INEM, e á que o Concello aportará uns 63 millóns.

Tamén a mellora da educación pública do municipio vese revitalizado a través das liñas especiais de financiamento de moitas actividades que non cubre o funcionamento habitual dos centros dependentes da Consellería de Educación. Esta partida de ensino, dotada con algo máis de 36 millóns, abrangue a Escola infantil A Pardela, o equipo pedagóxico, a colaboración coas APAS, os novos comedores escolares, a múltiple colaboración cos centros educativos, e diverso material didáctico.

Ademais destas medidas contempladas nos presupostos, dedícanse outras importantes partidas á realización de activi-



**Goya:**  
un berro que aínda se escoita

Poucas cousas tan fermosas se teñen creado para converternos ó pacifismo. O xenial pintor aragonés tracexou nestas láminas de tinta un berro que aínda se escoita, para lembrarnos-la carraxe dun absurdo: o da guerra. Pasou por Casa Charry gracias á colaboración do Concello con Caixavigo.

dades directamente organizadas polo Concello, como música, teatro, exposicións de artes plásticas, excursións, actividades medioambientais, etc., todas elas de gran interese para moitos cidadáns, e ás que se dedican 46,5 millóns de pesetas, dos que 26 millóns son para subvencións. Tamén é considerable a cantidade de recursos destinados ó fomento da práctica deportiva (as actividades superan os 21 millóns). A Casa da Xuventude ten un presuposto de 15 millóns; o Museo Os Oleiros cáseque de 5 millóns, e o equipamento da

nova Escola de Música (que entrará en funcionamento alá por outubro do 98), costará algo máis de 4 millóns de pesetas.

O Sistema Municipal de Bibliotecas ten unha partida especial para actividades e persoal que supera os 36 millóns de pesetas, ós que naturalmente hai que engadir os recursos contemplados nos presupostos xerais para obras e adquisicións, especialmente significativas este ano que entrará en servizo a nova Biblioteca Central de Rialeda.

## A Universidade de Trieste toma a Oleiros como exemplo de educación ambiental e comunitaria


# O esforzo sempre compensa

Por **Anxo Barreiros de la Torre**  
Técnico municipal de apoio pedagóxico

Vai para dez anos que os profesores Rocco Brienza e L.M. Lombardi da Universidade de Trieste (Italia), achegáronse a Galicia da man do tamén profesor da Universidade de Santiago de Compostela Agustín Requejo Osorio. Por aquelas datas, os profesores italianos daban os primeiros pasos na procura da realidade política, económica e sobre todo da cultura e a educación en Galicia, tomando como modelo de desenvolvemento comunitario o Concello de Oleiros.

Tal foi o interese despertado nos colegas italianos que, naquel ano, a través deles a Radio Televisión Italiana desprazouse ata o noso país para realizar dous programas para o espazo "Scuola Aperta" (Escola Aberta). O primeiro deles, de carácter xeral, introdúcese no novo contexto educativo galego que se estaba xerando a raíz das competencias recollidas no Estatuto de Autonomía de Galicia.

Na segunda emisión televisiva, recóllese e divúlgase o esforzo que no Concello de Oleiros



políticos e educadores emprenderan para: abrir a escola ó seu medio, formar e informar permanentemente ós veciños, organizar o territorio, recuperar o patrimonio astístico,

etc. coa finalidade de aprender a vivir en comunidade.

Despois deste primeiros contactos, viñeron visitas e intercambios para un mutuo coñecemento das realidades e iniciativas municipais en materia educativa, ata que se publica, o ano pasado, o libro *L'ambiente come scuola*. Prassi comunitaria, istruzione autoformazione permanente nella Galizia spagnola no que se destaca o traballo que se vén realizando polo goberno municipal.

Baixo o título *L'autoeducazione comunitaria* apórtanse datos xerais sobre a xeografía, características urbanas, economía, contexto político e ordenación do territorio en Oleiros. Pero o aspecto que máis se destaca é o referido ás iniciativas municipais en materia de educación ambiental, na súa oferta para o tempo libre e para o curso escolar. Os programas de actividades que se citan dan unha visión ampla e completa do que

hoxe en día se oferta ano tras ano:

**Coñecer Oleiros**, que se vén realizando coa participación do alumnado dos Colexios públicos oleirans. **Aprendemos na Natureza**, con estancias de tres días en colaboración coas aulas dos cursos superiores da educación primaria. **Actividades de verán**, con convocatorias para cativos dende os tres anos neste amplo tempo de vacacións (acampamentos, obradoiros, cicloturismo, excursións). **Hortos escolares** nas Unidades de Educación Infantil onde prantamos cenouras, morangos, chicharos, patacas, e tamén facemos o noso amigo o espantallo. **Proxecto árbore**, ensinando nas escolas a importancia dos nosos montes e prantando as sementes de carballos, castiñeiros, nogueiras, bidueiros,... coidándoas nas aulas ó longo do curso ata que nazan as árbores.

**Excursións** a lugares de alto interese natural: Ancares, O Courel, A Limia, Serras do Suído e do Cando, Ribeiras do río Sil,...

O libro publicado pola Universidade de Trieste, inclúe tamén capítulos adicados á Educación en Galicia (do franquismo á democracia: unha análise da sociedade e da educación); Os programas de aproveitamento didáctico do entorno e A educación ambiental en España.

# Conservatorio e Centro de Actividades Náuticas ó pé da ría da Pasaxe Música e deporte na vella fábrica

A música será unha das grandes protagonistas do complexo cultural e deportivo que o Concello de Oleiros está a crear na antiga fábrica de cervexas «Corunna», na finca de Guyatt, situada entre a ponte do Pasaxe e o Parque José Martí de Perillo.

O edificio de tres prantas que será reconstruído para a nova escola érguese cabo da mesma ría do Burgo, no chamado «Muelle do Inglés», lembranza popular do antigo propietario da fábrica.

Parte da edificación está someténdose neste intre a unha restauración na que se consolida a súa estrutura e se adecúa o vestíbulo de acceso. Tamén se está a construír unha piscina cuberta con vestiarios para os deportistas, e dúas naveas para almacenamento de traíñas, piraguas, etc.

Ademais está previsto que no futuro o Concello complementa estas obras coa construción dun Salón de Actos, unha Sala de Baile e outras instalacións que fagan do lugar un completo centro para fomentar a creatividade e

o desenvolvemento cultural.

A escola proxectouse utilizando os máis avanzados sistemas para a insonorización das aulas, de tal xeito que os sons non interfiran ós alumnos doutras clases, un aillamento que é máis intenso no segundo piso, destinado ás clases de instrumentos de percusión e vento.

Na primeira pranta ubícanse dependencias para o profesorado e administración, control, conserxería e un aula para 18 alumnos. Aulas para o ensino personalizado en pequenos grupos, almacén e aseos, ocupan a segunda pranta.

No terceiro haberá 2 aulas para 15 alumnos e unha para 36, para clases teóricas colectivas ou grupos de solfeo. En total, a superficie total do edificio é de 609 m<sup>2</sup>.

A Escola Oficial de Música é unha vella aspiración do Concello, que xa promove

numerosas iniciativas de formación musical nos centros educativos do municipio e apoiando ás numerosas entidades culturais que se dedican á promoción musical, mais agora impartirase

formación regrada pola Xunta de Galicia, que ten definido plans de estudos concretos e que ata agora se votaban en falta.

Da altísima vocación musical do concello son mostra as numerosas rondallas, corais, escolas de gaitas e agrupacións folclóricas existentes, que verán a súa calidade técnica e número de integrantes incrementados coa nova escola, un semillero de onde sen dúbida nacerán músicos que axudarán ó refinamento da sensibilidade dos máis novos.

Tamén supoñerá unha estupenda alternativa ó ocio de quen moitas veces carece de canles para desenvolver os seus pulos criativos en liberdade.

Esta obra intégrase no conxunto urbano que forman o Parque José Martí, o Paseo Marítimo de Santa Cristina, e o futuro paseo que unirá a costa interior do Concello, un espacio de grande beleza e tranquilidade, completamente alleo ó intenso tráfico rodado que soporta o lugar.



## O Sistema de Bibliotecas programa 8 ciclos e actividades para todo o curso

# Quenta-los motores máis novos

Un total de oito ciclos e actividades diferentes están programadas para o curso 1997-98 polo Sistema de Bibliotecas Públicas do Concello de Oleiros, dependente da Fundación Municipal de Cultura.

A súa misión fundamental é quenta-la cabeza dos máis novos. Facerlles amar os libros, axudarlles a medrar co seu apoio e convertilos, se pode ser, en homes e mulleres máis cultivados e libres. É o menos que podemos facer por eles.

Entre estes actos destaca a publicación dun volume cos relatos escritos polos nenos e mozos que ganaron o Concurso de Contos dos anos 95 e 96, que tivo lugar o día 6 de outubro.

Ademais da presentación dos libros de contos, realizarase tamén a publicación dos

ganadores dos concursos de 1996 e 97, que se está a producir arestora. Outra publicación interesante será a das «Fichas de Lectura» realizadas polos cativos e profesores do «Clube de Lectores Rialda». Realizarase tamén a convocatoria do concurso de relatos deste ano, denominado «Concurso de contos e narracións curtas infantís e xuvenís», dirixido a alumnos de 3º a 6º de ensinanza primaria, ESO, Bacharelato, BUP, COU, FP e educación compensatoria.

Actividades tamén moi participativas son a Exposición de Debuxos dos alumnos máis novos (educación infantil e 1º e 2º de primaria), que terá lugar de marzo a maio. Tamén se celebrarán os tradicionais «Encontros con Escritores» e a «Hora do

Conto», pola próxima primavera.

A primeira destas convocatorias é moi importante. A Campaña de Animación á Lectura conta coa narración dramatizada de contos a través dun enfoque lúdico e unha vivencia activa cos libros, con estratexias de xogos de animación cos que se intenta fomentar a imaxinación e a creatividade. A campaña ten por obxectivo potencia-lo gusto pola lectura entre os nenos, de tal xeito que utilicen as bibliotecas non só como lugares de estudo e consulta, senón tamén como lugares de lectura lúdica e divertida.

Ademais tamén se favorecerán os procesos de aprendizaxe e creación a través da expresión oral e escrita. Para elo, téntase que o neno aprenda a vivi-lo libro en colectividade, enriquecéndose cunha lectura activa e participativa, tal e como se recolle na memoria das actividades. Esta campaña de animación está coordinada pola directora do Sistema Municipal de Bibliotecas, M<sup>te</sup> Luz Corral e nela participarán, ademais dos animadores contratados para o efecto, tódolos técnicos encargados das diferentes seccións e Bibliotecas do Sistema, situadas en Perillo, Santa Cruz, Oleiros a Real, Mera, Dorneda e Nós. Próximamente entrará en funcionamento outra biblioteca en Montrove e será inaugurada a Quinta Rialda como sede da Biblioteca Central e da organización de todo o sistema.



### ENTREGA DOS LIBROS ÓS LITERATOS PREMIADOS

«Cóntame un conto» é o título do libro presentado na Casa Charry nun acto emotivo no que a alcaldesa solicitou ós seus autores que «nos axuden a soñar, porque temos moito que soñar para construír un mundo máis feliz».

No acto entregáronlles exemplares da obra a cada un dos seus autores, e ademais da directora das Bibliotecas, Mari Luz Corral, tamén estiveron presentes os profesores Víctor Nogueira e Xosé Manuel Fernández Castro.

«Se xa resultaría satisfactorio —dixo Esther Pita— presentar un libro de contos dun só autor, hoxe, que presentamos un libro de contos de nada menos que 20 autores, é vinte veces máis satisfactorio».

Os autores premiados son Rubén Espejo, Antonio López, Álvaro Patiño, Marcos González, Luisa I. González, Javier Caamaño, Olaia Fernández, Óscar J. Lúgrís, Natalia Vázquez, Catuxa M. Sánchez-Tembleque, Francisco Suárez, Mireia Álvarez, Beatriz Fernández, Natalia Suárez, Ebelia Mora, Almudena Ocaña, Laura Janeiro, Yolanda Macía, Cristina Cachaldora e Xavier Vázquez.



## Os duros entrenamentos son a clave do éxito do Clube de Perillo Regatas: a tempada comeza agora

Á hora de iniciar os adestramentos no Clube de Regatas de Perillo, achegámonos as súas instalacións, pra manter unha conversa con membros da directiva e o corpo técnico.

Os deportistas do clube comenaron a se adestrar o día 23 de outubro, despois dun paréntese de aproximadamente un mes, que vai dende a derradeira competición ata o inicio do traballo. Este tempo dedícanos a directiva e o técnico, a planificar a tempada, tanto no que se refire á preparación dos remeiros coma ó calendario de competicións.

Luis Hernández, o adestrador, xa ten definido o plan de entrenamento:

«Nunha primeira etapa, —cántanos— os remeiros adestranse con carreira continua e exercicios de musculación sen cargas. Despois de dúas semanas, introdúcese o traballo con pesas no ximnasio, buscando primeiro a forza máxima e logo a forza e a resistencia; intercalando ximnasio, carreira e remo. Máis adiante reducece sucesivamente o traballo de carreira e o de pesas, incrementando o tempo adicado ó remo».

Estas duras sesións de adestramento, que se realizan diariamente (descansan un día cada dúas ou tres semanas), e que poden chegar a durar tres horas, xunto coa boa xestión da directiva, son as responsables dos bons resultados obtidos nas competicións. Coma mostra témolo último campionato de España que se celebrou en Castro Urdiales (Cantabria) no mes de abril, onde se acadaron unhas excelentes clasificacións.



Alí, o Clube gañou o campionato de España na categoría de Bateis, o subcampionato en Traíneriñas e en Traíñas, e acadaron o sétimo posto en «Doble Scull». Isto polo que se refire ó equipo senior. Os xuvenís, pola súa banda, chegaron a ser cuartos en «dous-con» e o equipo feminino rematou en décimo segundo posto.

Especialmente salientable é o labor que se desenvolve cos nenos, promovendo un verdadeiro traballo de base, de tal xeito que renuncian a obter títulos nas categorías dos

máis novos, para que cando cheguen ás superiores, podan da-lo máximo rendimento.

O Clube de Regatas de Perillo, ademais do remo —que é a súa actividade máis coñecida— leva a cabo outras actividades socio-culturais, coma cursos de pintura ou de manualidades. Organiza mesmo un campionato feminino de parchís que leva 25 anos celebrándose. Jaime Gonzalez, o presidente, e o resto da directiva estanse plantexando retomar deportes que antes foron tradicionais no clube, como a pesca ou a vela.

Dende estas páxinas queremos animar a estes deportistas, que xa contan có recoñecemento de toda a sociedade, e que axiña estreñarán unhas modélicas instalacións cedidas polo Concello de Oleiros, que de seguro lles facilitarán os adestramentos; e que lles axudarán a acadar mellores resultados.

Queda lembrarlle a tódolos interesados na práctica dalgunha destas actividades, que poden informarse nas instalacións do Clube, situadas na praia de Santa Cristina.

Natación e Surf en Inef, Rías Altas e Bastiagueiro

### ¡Á auga no inverno!

Futuras nais e escolares exercítanse e aprenden a nadar nunha programación organizada pola FMC

A mediados do mes de novembro comezan as actividades de deportes acuáticos de inverno. Gracias a elas, case mil persoas, a maioría mozos, tomarán contacto coa natación e o surf. Para elo, utilízanse as dúas piscinas públicas —a do Inef e a do Rías Altas, de Santa Cristina— e a praia de Bastiagueiro.

Estas actividades divídense en catro grupos. O máis especial é o constituído polas mulleres embarazadas, que reciben instrución preparatoria para facer máis doado o seu estado; un monitor especializado entréna-as en exercicios específicos de respiración e movementos na auga que lles resultan enormemente favorables para levar o embarazo con maior seguridade e lecer.

As aproximadamente 20 futuras mamás, comparten piscina cos máis pequenos, os nenos de cero a tres anos, que, en número de 40, forman o segundo grupo de actividades, dirixidas a que vaian acostumándose a tomar contacto coa auga e a face-los primeiros exercicios natatorios. Estes

grupos utilizan a piscina o Inef as mañás dos sábados.

O grupo máis numeroso é o formado por nenos de colexios públicos do concello. Uns 800 rapaces de escolas e dos módulos de educación infantil irán pasando pola piscina do Inef en diferentes turnos e grupos, en dous trimestres: o primeiro para os nenos do norte do concello, e o segundo para os do sur. Existe unha convocatoria especial para os mozos dos institutos, pero a súa organización aínda depende do número de grupos —aproximadamente de 60 persoas— que se vaian formando. Ademais destas actividades, a piscina do Rías Altas, en Santa Cristina, está a disposición tódalas mañás para os cidadáns de Oleiros maiores de 17 anos, que poden acudir de 8 a 12 horas.

Por outra parte, o día 8 dará comezo o curso de «Bodyboard», unha especialidade do surf, para catorce rapaces de 12 a 14 anos en cada un dos tres turnos establecidos. O curso está impartido por dous monitores especializados da Federación Galega de Surf.



parte inferior da praza do inmoible. Gracias a un Convenio Urbanístico promovido polo Concello, os deportistas do norte do municipio dispoñen de instalacións para desenvolve-las súas actividades.

### O Náutico de Mera, para os deportistas do norte

O Clube Marino de Mera está xa utilizando as instalacións que foron inauguradas o pasado verán polo Concello no Edificio Navimar, na

### Mellores campos de fútbol

Os campos de fútbol de Montrove, Iñás e o futuro de Santa Cruz están a recibir un impulso por parte do Concello de Oleiros, que colabora cos diferentes clubes na realización dos seus proxectos. En Montrove, por exemplo, estanse a construír gradas e vestiarios, ademais de mellora-lo césped para deixalo en boas condicións. O Concello aporta uns 5 millóns de pesetas.

Pola súa parte, Iñás está a mellora-lo seu campo coa colaboración municipal. Mentres duran estas obras, o Concello conseguiu que o INEF puxera a disposición dos equipos Mercurio e Unión Campestre, algunha das súas instalacións para os seus adestramentos, segundo comunicou recentemente a Secretaría Xeral para o Deporte, propietaria das instalacións.

Asímesmo, días pasados tomouse posesión dos terreos nos que se construírá o novo campo de fútbol de Santa Cruz, perto do Convento das

Capuchinas situado acarón da Urbanización dos Regos.

O Concello conta ademais con outras fórmulas para apoiar ós clubes, como as subvencións directas, que lles resolve cubrir diversos gastos derivados do funcionamento ordinario (mutualidades, fichas, arbitaxes e desprazamentos). A elo, dedícanse cáseque tres millóns ó ano. Tamén se celebra anualmente o Trofeo de Fútbol «Concello de Oleiros», no que participan os nove equipos: Obrero de Oleiros; Marino de Mera; Atlético S. Pedro e Hércules, de Nós; Unión Campestre de Montrove; Santa Cruz CF, Dorneda CF e Perillo CF.



## As actitudes do PP molestan ós veciños

# «Mosqueo» xeneralizado

### Os intentos de presentar un Oleiros catastrófico son mal recibidos

A Asociación de Veciños «Os Rueiros», de Nós, foi a primeira en reaccionar sobre o contido dun xornal editado polo PP baixo a cabeceira «Actualidad Popular».

Din os veciños «O noso traballo non é político, senón veciñal, pero non podemos permitir que nengún grupo político trate de pisar o noso traballo, en vez de achegarse á nosa A.VV. para botar unha man e tratar de resolver na mellor medida as nosas demandas, que son as dos nosos veciños».

Refírense nunha nota de prensa a un semáforo que existe no Carballo «que xa fora concedido hai tempo polo ente responsable en base ó noso traballo».

Lembrando o período electoral que pasamos, os veciños de Nós apuntan como recordatorio ó PP que poderían reclama-la construción de aceras na Fortaleza, O Carballo (entre Miguel Hernández e Cristo Rey), Salvador Allende (entre O Seixal e o cruce de Vilanova), entre outras cousas.

En canto a outros asuntos como Educación, Sanidade, tempo libre, ou o servizo de correos en Nós, a Asociación lembra que ten enviado en múltiples ocasións escritos á Xunta, Deputación, Goberno Civil, Dirección de Correos e Concello, entre outras entidades, e que «só recibimos contestacións oficiais do noso Concello, que é quen levou a cabo o 90% das nosas reclamacións».

Do Goberno Civil e o Sergas —continúan os veciños—, só recibimos unha visita para solucionar un problema puntual moi importante para os veciños, como foi o do Consultorio Médico, instalado na Casa do Pobo municipal e feito polo Concello.

Pero non foi a única asociación que se molestou polo contido do xornal do PP. Tanto as entidades de Dexo como de Santa Cruz fixeron chegar o seu incommo polo xeito de tratar os asuntos. «Santaia» considera «incógnitas» as informacións recollidas, e «San Antón» de Dexo, cree que son unha manipulación da realidade, sulñando tamén que o seu traballo como Asociación veciñal non é político, senón que trata de canalizar as necesidades reais do vecindario sen orientacións políticas determinadas.



### SANTAIA: MELLORAS EN SANTA CRUZ

**Diversas demandas de mellora de algúns lugares de Santa Cruz foron transmitidas recentemente por directivos da Asociación de Veciños «Santaia» ó Goberno Municipal. Ademais do novo mobiliario do Centro Cívico da rúa Ricardo Cubeiro, falan de algunhas melloras no Parque Luis Seoane, como a construción dunha ponte de madeira entre a pista polideportiva e a zona verde, o vallado do estanque dos patos, e a reparación de diversas farolas. Tamén pediron que se instalara un paso de peatóns diante da farmacia e a mellora da rúa Pousa Rabos, da Gaioteira ó Muíño do Pedro. Quedaron en reivindicar conxuntamente co Concello o asfaltado e aceras para Repicho e a estrada a Meirás. O desenvolvemento urbanístico da zona está a condicionar os accesos ó Pabellón Polideportivo, pero estarán resoltos en breve, según comunicou o Concello.**

O PP enfréntase coa A.VV. San Antón

### Dexo: «Non somos bobos»

Cando o Ministerio de Defensa vendeu Seixo Branco a unha inmobiliaria de Madrid non imaxinaba que ía provocar un enfrentamento xordo entre o PP local e os veciños de Dexo.

O certo é que a Asociación de Veciños «San Antón» manifestou públicamente, como case todo o mundo, o seu rexeitamento á venda, porque non comprendían que un territorio tan significativo que xa era de dominio público pasara a mans privadas de xeito tan sorprendente.

O caso é que recolleron os seus sentimentos nun comunicado, no que ademais falaban dos plans que o PP recollía no seu programa para aplicar nesa zona natural. Dician ademais que non quedarán de brazos cruzados se alguén permite edificar na zona. O resultado foi unha resposta do PP na que acusaba ós veciños de deixárense manipular, tratándo-os de «buenas gentes que escriben al dictado».

Como queira que os veciños viron nese tratamento un menosprecio cara á asociación, emitiron ó seu tempo outra nota na que, doídos, manifestan que non escriben ó dictado de ninguén, e que non lles interesa unha opción política de calquer veciño, «senón a axuda que nos poda ofrecer para mellora-lo nivel de vida do pobo de Dexo».

«As xentes que teñen terreos darredor da costa —lembran os veciños— ven que neses terreos non poden construír nin facer nada, pero teñen como premio que poden disfrutar dun litoral para o seu uso e disfrute, aberto a todos e protexido de especuladores».

## Insatisfacción cos autobuses

O tímido incremento dos servizos de transporte por estrada da empresa Autos Cal-Pita, que afecta á área máis poboada do Concello de Oleiros, consiste en prolongalos servizos a Arillo, polo que a urbanización Rialta conta con un autobús cada hora, desde as 7 de mañá ás 8 da tarde. Con todo, o funcionamento do servizo de autobuses non chega a ser de todo satisfactorio para os veciños, segundo se puxo de manifesto nunha asemblea de entidades sociais celebrada en Casa Charry.

Anque o importante número de persoas que reside entre Perillo e Santa Cruz conta cun autobús á Coruña cada media hora, nótanse carencias básicas no servizo que impiden ós cidadáns prescindir do

seu automóbil particular, pois o último autobús que sae da Coruña á noite, faíno ás 22 horas, polo que resulta imposible asistir a espectáculos ou disfruta-la vida nocturna da cidade.

Tódalas entidades veciñais do litoral do Concello, conscentes dos problemas que ocasiona o funcionamento do transporte, reuníronse recentemente coa empresa para expoñerlle-la opinión dos cidadáns, e escoitaron opinións moi positivas acerca da mellora do servizo. Anque desde a empresa non se lles comunicou oficialmente nada, nótase cómo se prolongou o servizo de verán ó resto do ano e se instaurou unha liña especial para o Campus da Zapateira da Universidade.

A impresión dos veciños é que estas mello-

ras no transporte deberían ir acompañadas de máis información, de tal xeito que tódalas persoas que quixeran facer uso do transporte público, tiveran claros os horarios e as paradas, pois cambian con moita frecuencia e elo redundna na incomodidade dos usuarios, que consideran deficiente o servizo, sin a calidade necesaria, e desadaptado á vida cotián dos veciños. Tamén se dixo na xuntanza que a empresa debería realizar maiores esforzos na mellora do servizo, e mostrar máis paciencia á hora de rentabiliza-lo seu traballo, pois o incremento da utilización do transporte tamén depende da súa capacidade para convencer ós usuarios da idoneidade do servizo que presta, e eso «non se fai en catro días».

O Concello retomará as negociacións coa

empresa concesionaria para estudar medidas tendentes a mellora-lo transporte, continuando unha política iniciada xa hai moitos anos, de ofrecer algunha solución de calidade para os veciños, no marco do actual sistema de explotación das liñas de transporte de viaxeiros, que non permite ós concellos exercer un idóneo labor de planificación. Neste sentido, hai que votar igualmente de menos o deficiente funcionamento da Mancomunidade de Concellos da Coruña, que non deu apuntado solucións de éxito para os viaxeiros en autobús. Esta situación contrasta coa de servizo de taxi: creouse un área de prestación conxunta entre os concellos de Culleredo, Cambre e Oleiros que está dando bos resultados a usuarios e taxistas.

# Oleiros quiere saber...

Non estaba previsto que nestas páxinas se polemizase a respeito

das posturas políticas de cada grupo. Pero os contidos difamantes cara ó Goberno Municipal vertidos nun periódico comarcal editado polo Partido Popular obríganos a informar con equidade e serenidade acerca de diversos temas que se conteñen no devandito medio. Cando as mensaxes son imprecisas, tendenciosas e irreverentes, é necesario desmascaralas, porque son mentiras. Obríganos o ben común.

**A** verdade é que todos os que coñecen Oleiros ven aquí un exemplo de bon facer. Pero entre nós hai quen non se entera, e recorre ós máis baixos discursos para tentar revertir a realidade. Ollando un panfleto editado polo PP baixo a cabeceira de «Actualidad popular», ou algunhas cartas recentemente espalladas polo concello todos podemos comproba-los poucos escrúpulos que utilizan os concelleiros do grupo conservador que sen ruborizarse están a apropiarse das iniciativas de diversos colectivos veciñais e da xestión e o traballo realizado polo grupo de Goberno da Alternativa dos Veciños, no que desde hai 8 meses tamén participa o PSOE.

Tódolos que sodes novos aquí, debedes saber que o Grupo Popular nunca gobernou no Concello de Oleiros desde que en España existen eleccións democráticas. ¿Cal foi a razón? Que non recibiron apoio dos oleirenses, que saben quen se agazapa tras esas siglas: os que durante a década dos 60 e 70 asolaron o concello esquilmando as praias, especulando cos terreos e destrozando

os pobos con construcións abusivas e enchendo os camiños de

augas fecais e excrementos.

Sodes aproximadamente 6.000 as persoas que chegáchedes a vivir aquí hai pouco tempo. Cónstanos que non sabedes moito da historia recente do noso concello. De quen conseguiron que Oleiros sexa hoxe un sitio distinto, un lugar para vivir plácidamente. Eso levou a moitos cidadáns como vós a votar nas eleccións municipais siglas que provocaron un forte incremento de votos para os destructores deste Oleiros verde, fermoso e ordenado. Pese a elo, o actual Goberno Municipal, composto pola Alternativa dos Veciños e o PSOE conforma a maioría necesaria para seguir facendo posible este Oleiros para vivir, mellorando cada día o entorno e facéndonos orgullosos do noso esforzo.

Estimamos que os edís populares en vez de difamar ou roubar traballo alleo, deben usar o seu periódico para informar ós veciños en qué situación se atopan as obras e servicios demandados en infinidade de ocasións polos colectivos veciñais e o Goberno Municipal, cujos proxectos foron presentados ante as administracións competentes, todas elas rexidas polo Partido Popular: Deputación, Xunta, Goberno Central, sen que ata a data e despois de meses e anos, se solucionaran as mesmas.

**Para facilitarlle-lo traballo, adxuntamos esta relación de obras e servicios solicitados e preguntámoslles:**

## Preguntas ós edís do PP ¿Qué fixeron por todos estes temas?

### DEPUTACIÓN DA CORUÑA (Sr. Lendoiro)

— ¿Cando se van mellora-los arcéns e construí-las aceras dos seguintes lugares?

- Mera, entre Pinar do Río e Urbanización A Pía
- Desde Praza da Rabadeira a Coruxo
- Desde o Centro Cultural das Torres a Franzomel
- Desde a Edreira ó Centro de Oleiros-Real
- Na Gaivoteira e O Repicho
- Do Piñeiro ó Campamento

### CONSELLERÍA DE OBRAS PÚBLICAS E URBANISMO - XUNTA DE GALICIA (Sr. Cuíña)

— ¿Cando se contratarán os arcéns e as aceras dos seguintes lugares?

- De Arillo á Casa do Pobo de Dorneda
- Do Seixal á Igrexa de Nós
- Do Couto á Casa do Pobo de Lorbé
- De Coruxo a Os Regos

— ¿Cando se vai presentar o proxectos e adjudica-la obra da Vía Rápida para Oleiros e Sada?

— ¿Cando se fará o novo acceso ó Porto de Lorbé?

— ¿Cando se farán as naves para os mariñeiros de Lorbé e Mera, tantas veces prometidas no Porto de Lorbé?

— ¿Cando se rematará e subsanará o grave problema do bombeo de fecais da Ponte Pasaxe, que está a contamina-la ría do Burgo e a praia de Santa Cristina?

— ¿Cando van cofinancia-las obras de bombeo para a eliminación das depuradoras de Mera e Canide?

— ¿Cando van comezar a construí-las vivendas sociais e de protección oficial no solo que o Goberno Municipal preveu no Plan Xeral, por certo, co voto negativo do PP?

— ¿Cando vai funcionar realmente o Centro de Educación Medioambiental do Castelo de Santa Cruz, que o Concello regalou á Xunta logo dunha inversión de 90 millóns, e segue sen funcionar 5 anos despois?

### MINISTERIOS DE OBRAS PÚBLICAS (HOXE «FOMENTO») E MEDIO AMBIENTE DO GOBERNO CENTRAL

— ¿Cando se van contrata-las obras de recuperación do entorno e paseos das preciosas praias de Mera e Bastiagueiro? Os proxectos levan máis de dous anos presentados e o Concello xa fixo unha forte inversión na adquisición do solo necesario.

— ¿Cando se vai face-lo túnel de Arenaza, en Iñás, e os novos accesos á N-VI, para a mellora do tráfico e a seguridade dos peatóns?

— ¿Cando se van facer as aceras nas travesías da N-VI en Iñás e Campamento?

— Cando se van contrata-las obras da Estafeta de Correos, para a que o Concello xa cedeu unha parcela na urbanización Cavamontes?

— ¿Porqué e para qué nos revisan o Catastro se o propio Goberno dicía que ía baixa-los impostos?

— ¿Cando vai o ministerio de Facenda abonar ó Concello os ingresos que nos corresponden polo crecemento da poboación e que supón que cobramos uns 500 millóns de pesetas de menos desde o ano 92?

**Esta relación será permanentemente publicada ata que as obras estén realizadas.**

O Concello cede á Universidade o Pazo onde instalarán unha importante institución medioambiental

# Lóngora

## Do romantismo decimonónico á investigación de vangarda



**O Pazo de Lóngora foi un dos principais escenarios do romantismo musical galego do século XIX. Alí compuxo algúns dos seus soños ó piano Marcial del Adalid en compañía da súa dona, a escritora Fanny Garrido, que firmaba na prensa de Madrid como «Eulalia de Liáns». Del Adalid nacera na Coruña en 1826 e foi considerado «o creador da música galega culta e o mellor recolector folclórico». Morreu en Lóngora en 1881.**

A maleza e o aspecto decadente da finca e a Casa de Lóngora deixarán paso a un recinto coidado e vangardista. O entorno apacible dos arredores da Igrexa de Santa Eulalia de Liáns e o que será o Parque Metropolitano, un auténtico museo natural dos bosques atlánticos, acollerán tamén un centro de estudos e investigación de vangarda sobre o medio natural, que probablemente esté vencellado ó Castelo de Santa Cruz.

Quizáis os futuros usuarios do edificio escoiten, no silencio dos seus laboratorios ou na placidez da horta queda, algúns sons harmónicos que saíran do piano dun dos máis senlleiros músicos de Galicia: Marcial del Adalid, un romántico que traballara con Franz Liszt logo de estudar en

Londres cun discípulo directo de Beethoven.

Un músico que deu ó acervo galego da melodía culta recopilacións tan interesantes como «Cantares Populares Gallegos» (1877) ou «Cantares nuevos y viejos de Galicia», unhas escollas moi apreciadas realizadas cando aínda a ciencia folclórica non gozaba de moito valor, segundo argumentan os críticos.

Marcial del Adalid nacera nunha familia acomodada, o que fixo posible que iniciara axiña os seus estudos musicais e viaxar polas capitais europeas de maior pulo musical dese tempo: París, Londres, Madrid, etc., mesmo gozar da importante vida musical coruñesa.

Segundo Rodrigo A. de Santiago,

Marcial tomara contacto coa música co mestre de capela da Colexiata da Coruña. Dalí pasou ó París de Chopin, e a Londres, onde fixo contactos e recibiu influencias que trasladaría máis tarde a Madrid e a Coruña, onde participou activamente nos ambientes musicais, artísticos e intelectuais.

No ano 55 morre o seu pai. Logo trasládase a París e de novo a Madrid, onde se executan varias das súas obras para piano. Xa por último, establécese no que se considera «o seu refuxio» de Lóngora.

A súa aportación musical está na súa obra romántica para piano, como se manifesta no Madrid dos anos 66 ó 72, con indudables influencias de Weber, Schubert, Schumann, Liszt e sobre todo de Chopin. Está considerado tamén o introdutor dos sons populares galegos na música culta española.

É de supoñer que as aportacións da música popular de Adalid ás sonoridades da música elaborada foran recollidas nos ambientes mariñáns de Oleiros, xa que o compositor pasaba grande parte do seu tempo no que él mesmo consideraba un refuxio imprescindible: Lóngora.

Os críticos son claros: «Nen Montes nen Chané, tan populares e tan ricos en melodía, chegaron a acadar aquela clara comprensión da música galega que mostraba Adalid».

Fanny Garrido era unha cultísima señora que podía pasar por unha «top model» do seu tempo, pois todas as crónicas falaban da súa extrema beleza de muller.

Ademais de colaborar en prensa (no «El Correo», de Madrid, e no «Galicia» de Martínez Salazar), Fanny Garrido foi novelista e traductora do alemán.

A súa primeira novela («Escaramuzas», 1885) ten carácter autobiográfico, e na segunda —máis lograda a xuízo da crítica— tracexou un completo estudio do temperamento feminino. Leva por título «La madre de Paco Pardo» e deuna ó prelo en 1889.

Resulta moi prezada a tradución de Heine de «Cadernos de viaxe» realizada por Garrido, e tamén dalgún libro de poemas e a «Viaxe a Italia» de Goethe, cun sobresaínte prólogo no que demostra unha aguda visión crítica e os seus profundos coñecementos da obra do xenial escritor xermano.

Logo de morrer Marcial, volveu casar co científico Xosé Rodríguez Mourelo, e finou tamén en Lóngora, xa en 1917. De Garrido cóntase unha anécdota: cando Isabel II chegara á Coruña, mandou para-la a súa carruaxe para preguntar quen era aquela fermosa xove. Detívose para falar con ela, e prometeulle ser madriña o día da súa boda, que a raíña cumpriu cando chegou o momento.

O Pazo de Lóngora vai unirse a eses estu- pendos edificios que se recuperan para darlles unha nova vida positiva.

O Castelo de Santa Cruz, o Pazo de Arenaza, a Casa Charry, As Torres de Santa Cruz, a Casa da República, o Pazo da Carballeira de Nós, ou a quinta Rialeda, entre moitos outros, son xa patrimonio público destinado a diferentes finalidades sociais.

A Casa de Lóngora, situada perto da Igrexa de Liáns, recupera a memoria decimonónica que veu nacer importantes partituras da historia musical de Galicia, céde-se á Universidade da Coruña para que se instale nela o Instituto de Medio Ambiente, un centro de estudos superiores que dalgún xeito estará vencellado ós novos usos do Castelo de Santa Cruz. Trátase da segunda sede universitaria de Oleiros, que pon parte do seu patrimonio ó servizo do saber e do progreso científico.